

INFORME ANUAL 2025

ÍNDICE

Mensaxe do presidente

Sobre o noso Informe Anual

1 MODELO DE NEGOCIO

- 1.1 Actividades do grupo Reganosa
- 1.2 A cadea de valor da enerxía
- 1.3 Presenza no mundo
- 1.4 Propósito e valores
- 1.5 Ética e cultura de empresa

2 REGANOSA 2025

3 ESTRATEXIA

- 3.1 Contexto macroeconómico e enerxético
- 3.2 Xestión de riscos
- 3.3 Plan Estratéxico
- 3.4 ODS prioritarios para Reganosa

4 MODELO DE XESTIÓN

- 4.1 Seguridade integral
- 4.2 Xestión operativa e proxectos
- 4.3 Xestión de recursos naturais
- 4.4 Xestión do capital humano
- 4.5 Orientación ao cliente
- 4.6 Cadea de subministración
- 4.7 Relacións con grupos de interese
- 4.8 Xeración de riqueza e actividade
- 4.9 Xestión do capital financeiro
- 4.10 Compromiso social

5 TRANSFORMACIÓN DIXITAL E INNOVACIÓN

6 GOBERNO CORPORATIVO

- 6.1 Estrutura societaria
- 6.2 Estrutura orgánica
- 6.3 Bo goberno da compañía

A Anexos

- Análise de materialidade
- Informe de verificación
- Índice de contidos GRI
- Glosario de termos e abreviaturas

MENSAXE DO PRESIDENTE

[2-11] [2-22] [2-23] [2-24]

Estimada comunidade:

Este ano puidemos comprobar, de forma especialmente clara, o valor de contar con infraestruturas enerxéticas sólidas e flexibles. Os episodios de tensión vividos no sistema eléctrico lembráronnos de novo que a enerxía é un pilar esencial para a estabilidade económica, o benestar social e o funcionamento cotián da nosa sociedade.

A nosa terminal de Mugaros é un bo exemplo diso. Afianzámonos como a segunda planta do réxime regulado máis utilizada de España, cun grao de uso que duplica a media nacional (58 % da súa capacidade máxima).

No contexto actual de transición enerxética, pero tamén de incerteza xeopolítica e regulatoria, o gas natural licuado continúa desempeñando un papel estabilizador imprescindible, que achega garantía de subministración enerxética e respaldo ao sistema eléctrico, ademais de ofrecer novas oportunidades reais de descarbonización da economía.

Nesta liña, seguimos avanzando para ofrecer novos servizos a través das nosas infraestruturas. A obtención de certificacións de sostibilidade e rastrexabilidade de bioGNL tanto na terminal de enerxía de Mugaros coma no Musel E-Hub, en Xixón, permite facilitar o acceso a combustibles renovables no transporte marítimo e terrestre, e contribúe de forma tanxible a reducir emisións e a cumprir os obxectivos europeos.

O exercicio de 2025 foi tamén o ano en que demos outro paso relevante na nosa diversificación, ao incorporar xeración renovable con activos propios mediante a adquisición de Saltos del Cinca. Este avance reforza o noso posicionamento na transición enerxética e engade novos activos renovables complementarios aos proxectos que seguimos desenvolvendo neste ámbito. Así mesmo, permítenos contar coa opción de integrar unha fonte renovable e competitiva nos consumos enerxéticos do grupo, mellorar a súa rendibilidade e ampliar as nosas capacidades técnicas e de prestación de servizos a terceiros, tanto no mercado nacional coma no internacional.

Neste ámbito, a nosa expansión internacional continúa a súa senda de madureza. En 2025 entramos en Oceanía cun contrato en Australia, co que xa operamos en máis de 35 países dos cinco continentes, e os ingresos procedentes do exterior se estabilizaron por enriba do terzo do total do grupo. Este crecemento responde á confianza dos nosos clientes nun modelo de servizos de consultoría e xestión de proxectos e infraestruturas baseado na excelencia técnica, a flexibilidade operativa e a cultura de seguridade. Acompañamos os nosos socios en todas as fases dos seus proxectos e en distintos vectores da transición enerxética.

A innovación fai parte igualmente da nosa evolución. Plataformas como OIIO teñen como obxectivo abrir novas oportunidades para

empresas e consumidores a través da xestión intelixente da enerxía, os sistemas de medición avanzada, a optimización de consumos e os novos modelos de eficiencia. A dixitalización permítenos achegar valor alén da xestión das infraestruturas físicas.

Todo iso convive, non obstante, cun contexto regulatorio esixente para o sector enerxético. No ámbito do gas natural, os actuais marcos retributivos formulan retos para a sostibilidade económica de instalacións que, paradoxalmente, seguen sendo consideradas imprescindibles para a seguridade de subministración e a integración de renovables. Afrontamos este escenario con realismo e responsabilidade, convencidos de que os próximos deseños regulatorios deberán equilibrar a seguridade de subministración, a independencia enerxética e a sostibilidade económica, social e ambiental do noso modelo enerxético.

Estamos convencidos de que a transición enerxética require proxectos sólidos, maduros e tecnicamente viables. Para que prosperen, cómpre que as Administracións públicas, o sector privado e a sociedade traballemos de forma coordinada. Ningún actor pode afrontar en solitario un desafío desta magnitude. A cooperación, a planificación a longo prazo, o estímulo do investimento, o rigor nas tramitacións e a estabilidade regulatoria son condicións indispensables para avanzar con paso firme.



Se algo define a nosa organización é a súa cultura de seguridade. Entre todas as iniciativas levadas a cabo en 2025 nesta liña, demos un paso máis no noso programa de recoñecemento que premia a implicación activa na prevención e a mellora continua. Alén dos indicadores, impórtanos consolidar unha cultura na que cada persoa se sinta responsable da súa propia seguridade, e tamén a da súa contorna. A excelencia operativa só é posible cando a seguridade é un valor compartido. Por iso aproveito estas liñas para felicitar o equipo que xestiona a terminal de Brunsbüttel, en Alemaña, e a todos os gañadores deste programa.

Quero trasladar o meu agradecemento a todas as persoas que forman o equipo do grupo Reganosa, aos nosos accionistas e a todos os que confían no noso proxecto.

Todos seguiremos construíndo unha Reganosa sempre máis útil para o conxunto.

ROBERTO TOJEIRO
Presidente

SOBRE O NOSO INFORME ANUAL

Este Informe Anual presenta a información relativa á actividade do Grupo Reganosa durante o exercicio 2025, dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro.

O informe elaborouse de acordo cos seguintes estándares:

GRI SUSTAINABILITY REPORTING STANDARDS, NA SÚA OPCIÓN DE CONFORMIDADE, CUXAS RECOMENDACIÓNS SEGUIMOS DENDE O NOSO PRIMEIRO INFORME.

OS PRINCIPIOS DO MARCO DE INFORME INTEGRADO, PUBLICADO POLO INTERNATIONAL INTEGRATED REPORTING COUNCIL, IIRC.

OS PRINCIPIOS DO PACTO MUNDIAL DE NACIÓNS UNIDAS.

OS OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE APROBADOS POLA ASEMBLEA XERAL DE NACIÓNS UNIDAS, INTEGRADOS NA ESTRATEXIA DE REGANOSA E DETALLADOS NESTE INFORME.

OS EUROPEAN SUSTAINABILITY REPORTING STANDARDS (ESRS) FORON TIDOS EN CONTA NO MARCO DA ANÁLISE DE MATERIALIDADE E DA ELABORACIÓN DESTE INFORME DENDE O PUNTO DE VISTA DA SÚA INTEROPERABILIDADE CON GRI.

O Informe presenta todos os asuntos económicos, ambientais e sociais significativos. Para iso, identificáronse e primáronse previamente estes asuntos e tendencias, e levouse a cabo unha análise de dobre materialidade na que se recompilaron as visións e opinións dos grupos de interese.

Mediante esta análise, identificáronse os asuntos relevantes para Reganosa, que inflúen na súa creación de valor e na xestión dos seus recursos (perspectiva de fóra cara a dentro), e que supoñen un impacto nas persoas e no medio (perspectiva de dentro cara a fóra).

Os datos ambientais refírense á terminal de Mugaros, propiedade de Reganosa. As plantas operadas por Reganosa noutras localizacións son propiedade de terceiros que adoptan as decisións finais sobre as accións e investimentos

ambientais, polo que non se inclúen nos datos ambientais, se ben están dentro do alcance dos Sistemas de Xestión da compañía. Os datos sobre persoas refírense a todos os profesionais do Grupo Reganosa, que están tanto nas instalacións en propiedade coma en proxectos internacionais e en plantas en operación que son propiedade de terceiros.

Naqueles casos nos que a información reportada presente un alcance diferente ao perímetro establecido, especificarase no correspondente apartado ou táboa cunha nota a pé de páxina.

O Informe inclúe información dos exercicios anteriores co fin de achegar rastrexabilidade sobre a evolución do desenvolvemento e o valor creado ao longo do tempo.

Este Informe foi verificado de acordo coa norma ISAE 3000 mediante unha verificación externa.



01

MODELO DE NEGOCIO

1.1 ACTIVIDADES DO GRUPO REGANOSA

1.2 A CADEA DE VALOR DA ENERXÍA

1.3 PRESENZA NO MUNDO

1.4 PROPÓSITO E VALORES

1.5 ÉTICA E CULTURA DE EMPRESA



1.1

[2-6] [3-3]

ACTIVIDADES DO GRUPO REGANOSA

INFRAESTRUTURAS

Infraestruturas reguladas

As nosas infraestruturas fan parte da rede básica de gas natural en España, garanten a seguridade de subministración enerxética e permiten diversificar as fontes de aprovisionamento, actuando como respaldo das tecnoloxías renovables.

Somos titulares da terminal de regasificación de Mugardos (Galicia) e participamos no 25 % do Musel E-hub (Asturias).

Transición enerxética

Os nosos activos de xeración eléctrica renovable comprenden 3 centrais hidroeléctricas: Arias I, Arias II e Ariéstolas, situadas na provincia de Huesca, con preto de 19 MW de potencia instalada.

Así mesmo, continuamos impulsando novos proxectos no ámbito da transición enerxética apoiados na experiencia e as capacidades adquiridas nas fases de enxeñaría, tramitación, financiamento, operación, mantemento e optimización dos activos industriais xestionados polo grupo, así como no coñecemento da regulación e os mercados nos que operamos.

Deste xeito, proseguimos no noso obxectivo de construír un novo ecosistema enerxético que sexa económica, social e medioambientalmente sostible.

SERVIZOS

Consultoría e xestión integral de infraestruturas

Co noso coñecemento, impulsamos o desenvolvemento e a xestión de proxectos, e ofrecemos servizos especializados en todo o ciclo de vida dos activos. Prestamos servizos de consultoría, de xestión de proxectos e de operación e mantemento de infraestruturas enerxéticas a ámbito internacional. Dende 2015, Reganosa Servicios participou en proxectos en máis de 35 países, nos que asegura solucións integrais e adaptadas a cada cliente.


Durante 2025 operamos activos en Alemaña, Italia, Malta e Australia. Actualmente estamos presentes nos cinco continentes.

Eficiencia enerxética e dixitalización

A través de solucións dixitais propias, acompañamos os nosos clientes na mellora da eficiencia enerxética, así como na planificación e xestión de sistemas enerxéticos.


Contamos con OIIO, unha plataforma integral de solucións dixitais destinadas á xestión óptima da tarifa eléctrica, a compra optimizada de enerxía eléctrica, a xestión de certificados de aforro enerxético e a monitorización de consumos a través de equipos intelixentes de medida. Ademais, dispoñemos doutras ferramentas orientadas á simulación e optimización de redes e a xestión e planificación de sistemas enerxéticos.

O NOSO PERCORRIDO



1.2 [2-6]

A CADEA DE VALOR DA ENERXÍA



Reganosa está presente en toda a cadea de valor da enerxía.

1.3 [2-1] [2-6]

PRESENZA NO MUNDO



1.4

[2-23]

PROPÓSITO E VALORES

O NOSO PROPÓSITO

MELLORAR O BENESTAR DA SOCIEDADE E A COMPETITIVIDADE DAS EMPRESAS, PRINCIPALMENTE A TRAVÉS DE INFRAESTRUTURAS E SOLUCIÓNS ENERXÉTICAS SOSTIBLES ECONÓMICA, SOCIAL E MEDIOAMBIENTALMENTE.

OS NOSOS VALORES


INTEGRIDADE

EXCELENCIA

RESPECTO

COMPROMISO

COLABORACIÓN



1.5

[2-16] [2-23] [2-24] [2-25] [2-26] [3-3] [205-2]

ÉTICA E CULTURA DE EMPRESA

CÓDIGO ÉTICO E DE CONDUCTA

O Código Ético e de Conduta de Reganosa, aprobado polo Consello de Administración, recolle os valores que orientan as actividades e operacións de todas as empresas do grupo. Promove unha actividade responsable e inclusiva, orientada a acadar os máximos estándares de integridade profesional, e subscribe de forma expresa todos os principios do Pacto Mundial das Nacións Unidas, iniciativa á que Reganosa se adheriu no ano 2013.

O Código Ético configúrase como unha guía de actuación para todos os profesionais de Reganosa, e para todas as persoas e entidades coas que esta mantén relacións ou colaboracións, no marco dun ámbito global e cambiante. O Código Ético está dispoñible na web corporativa www.reganosa.com en castelán, inglés e galego.

COMITÉ DE AUDITORÍA E CUMPRIMENTO

O Comité de Auditoría e Cumprimento de Reganosa informa directamente ao Consello de Administración e está integrado por membros do Consello. Este comité ten, entre as súas funcións, as seguintes:

- Impulsar a integración dun comportamento profesional, ético e responsable na estratexia e xestión de Reganosa.
- Salvagardar o respecto e cumprimento dos principios establecidos no Código.
- Desenvolver as competencias relativas á súa interpretación vinculante e aplicación.

CANLE DE COMUNICACIÓNS

Os grupos de interese dispoñen dunha canle de comunicacións, accesible dende a web corporativa, que tramita de xeito confidencial todas as consultas relativas á aplicación do código e a normativa interna da compañía, e as realizadas ao abeiro da Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción.

Adicionalmente, durante as xornadas de acollida das novas incorporacións e durante as visitas de prescrites realizadas ás instalacións, resolvéronse todas as dúbidas formuladas.

FORMACIÓN

As novas incorporacións profesionais reciben na súa xornada de acollida un exemplar do Código Ético e de Conduta e formación sobre os principios e ferramentas contidos neste, co fin de introducir a nosa cultura de valores, fomentar o comportamento íntegro no desenvolvemento das actividades diarias, e garantir que todo o persoal coñece os mecanismos de actuación ao seu alcance. De xeito periódico, cando o Comité de Ética e Cumprimento identifica a necesidade, organízanse sesións formativas para que todos os profesionais coñezan as actualizacións establecidas no Código Ético.



02

**REGANOSA
EN 2025**



DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E OPERATIVO

[2-16] [203-2]




DESEMPEÑO SOCIAL

[2-6] [201-1] [405-1] [404-3]



DESENVOLVEMENTO AMBIENTAL

[203-2] [302-1] [305-5]



CAPITAL INDUSTRIAL*

[2-6] [203-1] [203-2]

	2025	2024	2023
Descarga de buques (GWh)*	27.144	23.710	29.847
Regasificación de gas natural (GWh)*	24.965	22.699	27.657
Presenza internacional (n.º de países onde hai proxectos en marcha)	18	15	15
Proxectos renovables que promove Reganosa**	8	8	8

*Estes datos refírense á actividade regulada desenvolvida en España na planta de Mugaros.

**Inclúe os activos hidroeléctricos propiedade do Grupo, así como os proxectos renovables en desenvolvemento durante 2025.

CAPITAL FINANCEIRO

[201-4]

	2025	2024	2023*
Beneficio neto (€)*	9.150.080	12.606.790	12.425.803
Beneficio neto. Infraestruturas**	5.786.466	8.987.259	9.952.587
Beneficio neto. Servizos	3.252.750	3.135.926	2.769.490
Beneficio neto. Outros	110.864	483.605	(267.275)
Investimentos (€)*	9.377.797	11.360.031	2.669.038
Débeda neta (€)	0	0	0
Fondos propios (€)	219.855.381	213.847.479	201.317.286
Activos (€)	175.609.387	193.547.180	200.147.992
Ratio débeda neta/ebitda	0	0	0
Rendibilidade sobre capital investido (ROE) (%)	4,3	6,3	6,6
Rendibilidade sobre activos (ROA) (%)	5,2	6,5	6,2
Axudas económicas outorgadas polas Administracións (€)	3.852	0	60.705

*Para os efectos comparativos, exclúense os impactos extraordinarios derivados de operacións corporativas en 2023.

**Evolución esperada polo efecto da retribución regulada.

MEDIO AMBIENTE E SEGURIDADE

[203-2] [308-1] [403-4]

	2025	2024	2023
Simulacros e exercicios de seguridade desenvolvidos (n.º)	46	54	49
Investimentos en melloras ambientais (€)	7.128.170	8.856.227	191.988
Auditorías de calidade e seguridade, internas e externas (n.º)	36	39	36
Provedores rexistrados na base de datos de homologación que foron certificados de acordo con UNE 9.001 (%)	86,67	87,31	85,9

Estes datos fan referencia tanto ás instalacións en propiedade coma ás plantas en operación que son propiedade de terceiros.

CAPITAL SOCIAL

[201-1] [203-2] [204-1]

	2025	2024	2023
Investimento social en relación co ebitda da compañía (%)	1,00	24,35	0,73
Investimento social en relación co beneficio neto da compañía (%)	2,36	42,66	1,35
Investimento social total (€)	215.861	5.378.444*	210.143
Doazóns e patrocinios (€)	199.428	5.373.838	206.721
Persoas que participan nas diferentes actividades apoiadas por Reganosa (n.º)	1.085.000**	168.690	511.787
Valor económico xerado (€)	54.865.829	54.865.227	62.307.537
Valor económico distribuído (€)	45.445.037	49.734.134	58.815.514
Valor económico retido (€)	9.420.792	5.131.093	3.492.024
Porcentaxe de provedores galegos contratados sobre o total (agás as sociedades filiais estranxeiras)	21,85 %	20,80 %	40 %
Porcentaxe de gasto en provedores galegos sobre o total (agás as sociedades filiais estranxeiras)	21,83 %	17,94 %	24 %

*Inclúese o efecto asociado ao acordo acadado co Concello de Mugaros para a regularización do imposto de actividades económicas.

**Inclúe os espectadores televisivos dos partidos do Baxi Ferrol de baloncesto.

GOBERNO CORPORATIVO E TRANSPARENCIA

[2-9] [2-29] [205-3] [405-1]

	2025	2024	2023
Conselleiros a 31 de decembro	15	15	10
Mulleres no Consello de Administración (%)	26,7	26,7	10
Empregados que recibiron o Código Ético (%)	100	100	100
Comunicacións recibidas na Canle Ética (n.º)	1	0	2
Incidentes relacionados con corrupción (n.º)	0	0	0
Noticias sobre Reganosa en medios de comunicación (n.º)	308	378	844

CAPITAL HUMANO

[2-7] [401-1] [404-1] [404-3] [405-1]

	2025	2024	2023
Empregados a 31 de decembro (n.º)	185	196	195
Taxa de rotación*	0,15	0,13	0,13
Índice de novas contratacións	0,18	0,13	0,32
Mulleres en postos directivos (%)	15,56	21,28	18,60
Empregados con contrato indefinido (%)	92,97	95,92	94,87
Idade media do persoal (anos)	40,04	39,94	39,38
Perfis profesionais (% de titulados superiores e medios)	97,30	95,41	95,90
Formación por empregado (horas/empregado)	26,10	33,20	26,92

*Non inclúe os datos de Italia debido á finalización do contrato de O&M neste país durante o 2025.

03

ESTRATEGIA

3.1 CONTEXTO MACROECONÓMICO E ENERGÉTICO

3.2 GESTIÓN DE RISCOS

3.3 PLAN ESTRATÉGICO

3.4 ODS PRIORITARIOS PARA REGANOSA



3.1

[201-2] [11.2.4]

CONTEXTO MACROECONÓMICO E ENERXÉTICO

No exercicio 2025, o ámbito global continuou marcado pola persistencia das tensións xeopolíticas, principalmente os conflitos en Ucraína e Oriente Próximo, así como polo aumento das medidas comerciais adoptadas por EUA, que contribuíron a intensificar a volatilidade dos mercados internacionais. Esta combinación de riscos xeopolíticos, fragmentación comercial e variabilidade dos prezos enerxéticos mantivo a seguridade de subministración e a estabilidade de prezos como eixes prioritarios da política económica.

Neste contexto, China e as economías emerxentes (India, Sueste Asiático e Oriente Medio) consolidáronse como os principais motores do crecemento da demanda enerxética, mentres que, nas economías desenvolvidas (EUA, Europa e Xapón), a demanda se mantivo estable ou rexistrou lixeiros descenso, en boa medida polos avances en eficiencia enerxética. Como excepción, EUA acadou máximos históricos de demanda, impulsados por episodios de temperaturas extremas e o crecemento significativo dos centros de datos vinculados á intelixencia artificial.

No ámbito do investimento, o capital destinado a tecnoloxías limpas continuou superando amplamente o dirixido a combustibles fósiles, en liña coas tendencias identificadas pola Axencia Internacional da Enerxía. China mantívose como o principal investidor enerxético, co obxectivo de reforzar a súa seguridade enerxética, reducir a súa dependencia dos combustibles fósiles importados e posicionarse á vangarda das novas tecnoloxías.

En Europa, a redución da dependencia do gas ruso e a maior exposición aos mercados globais de GNL actuaron como catalizadores da transición enerxética. Neste marco, 2025 consolidouse como un ano clave no cambio estrutural do mix enerxético europeo, cunha crecente penetración das enerxías renovables na xeración eléctrica. Non obstante, persisten retos relevantes, como o despregamento de redes, a aceptación social de determinados proxectos e a dependencia exterior de minerais críticos.

CONTEXTO REGULATORIO

Durante 2025 impulsáronse diversas iniciativas regulatorias europeas orientadas a reforzar a seguridade e a resiliencia da subministración enerxética, acelerar a transición enerxética e mellorar a competitividade industrial nun ámbito xeopolítico complexo. Estas medidas reflicten unha crecente integración entre as políticas enerxéticas, climáticas e industriais da Unión Europea, en liña coa estratexia impulsada pola Comisión Europea para fortalecer a autonomía estratéxica e reducir a dependencia enerxética exterior.

A ámbito nacional, a evolución e a transposición destas normativas, xunto coa definición dos novos períodos regulatorios do sector eléctrico e gasista, configuran o marco de desenvolvemento do mercado enerxético español nos próximos anos. Así mesmo, a interrupción da subministración eléctrica rexistrada en abril de 2025 puxo de manifesto a necesidade de reforzar a seguridade, a resiliencia e a supervisión do sistema, así como de acelerar o investimento en redes e en tecnoloxías de flexibilidade.

Durante o exercicio, publicouse regulación europea e nacional de relevancia para o sector, entre as que salientan.

- Pacto por unha industria limpa (Clean Industrial Deal-febreiro 2025): está orientado a situar a descarbonización como motor de crecemento industrial; inclúe medidas para mellorar a competitividade dos sectores electrointensivos, impulsar a produción de tecnoloxías limpas, simplificar os procesos

regulatorios asociados ao despregamento renovable e promover o acceso a enerxía accesible.

- Reforzo das sancións europeas fronte a Rusia (febreiro-outubro 2025): inclúe, entre outras medidas, a prohibición de compra, importación ou transferencia de GNL ruso, o que contribúe a acelerar a diversificación das fontes de subministración e a consolidación do mercado global de gas.
- Paquete de redes europeas (European Grids Package-décembro 2025): establece un marco para mellorar a planificación transfronteiriza, acelerar os proxectos de interese común (PIC) e reforzar a ciberseguridade, co obxectivo de facilitar a integración de enerxías renovables e as novas demandas.
- A ámbito nacional, as medidas adoptadas oríentanse principalmente a reforzar a resiliencia do sistema, impulsar a descarbonización e facilitar o investimento en infraestruturas enerxéticas. Neste sentido, sobresaen a Circular 2/2025 da CNMC, que amplía o marco regulatorio do sistema gasista para integrar gases renovables e de baixo carbono; as medidas de reforzo do sistema eléctrico tras a interrupción da subministración; o Plan de acción para descarbonizar o transporte marítimo, e o novo marco retributivo do sector eléctrico para o período 2026-2031.

SITUACIÓN DO MERCADO ENERXÉTICO

Gas natural

Durante 2025, o crecemento da demanda global de gas natural moderouse de forma significativa e rexistrou un incremento inferior ao 1 % respecto ao exercicio anterior. Europa e América do Norte concentraron practicamente todo o aumento do consumo, mentres que a demanda en Asia se mantivo estable, o que reflicte a desaceleración económica e os elevados prezos do gas nos mercados internacionais.

En Europa, a evolución do mercado estivo condicionada por dous factores principais. Por unha banda, o fin do tránsito do gas ruso a través de Ucraína reduciu nuns 15 bcm os fluxos por gasoduto cara ao continente. Por outra, as restricións progresivas ás importacións de gas ruso vixentes dende 2022 continuaron limitando a dispoñibilidade de subministración. Neste contexto, os axentes do mercado reforzaron as inxeccións en almacenamento e aumentaron as importacións de GNL co obxectivo de garantir a seguridade de subministración e mitigar a volatilidade dos prezos.

A oferta mundial de GNL seguiu crescendo, cun incremento próximo ao 5 %, impulsado pola entrada en operación e a ampliación de capacidade de diversos proxectos de licuefacción, especialmente en América do Norte, así como por melloras no rendemento de instalacións existentes. Non obstante, os prezos mantivéronse elevados e volátiles, e situáronse por enriba dos seus niveis históricos debido a unha oferta aínda axustada polo crecemento limitado da produción e a persistencia de tensións xeopolíticas.

De cara a 2026, prevese que a demanda global de gas acade un novo máximo histórico, cun crecemento estimado sobre o 2 %. Esta evolución estará apoiada nunha mellora das condicións de subministración, na que destaca un aumento próximo ao 7 % da oferta mundial de GNL, liderado polos Estados Unidos, Canadá e Qatar. Neste contexto, a rexión de Asia-Pacífico será o principal motor do crecemento, mentres que en Europa se estima unha lixeira redución da demanda, como consecuencia do avance sostido das enerxías renovables, a eficiencia enerxética e a electrificación.

Electricidade

A demanda mundial de electricidade continuou crescendo en 2025, cun aumento próximo ao 3,9 %, segundo a Axencia Internacional da Enerxía. Máis da metade deste incremento procedeu de China, impulsado polo crecemento da fabricación de tecnoloxías limpas, a expansión do vehículo eléctrico e o desenvolvemento de centros de datos e infraestruturas dixitais.

En Europa, o prezo medio anual da electricidade superou os 60 €/MWh na maioría dos principais

mercados. Non obstante, os niveis rexistrados foron os segundos máis baixos dende 2021, nun contexto de elevada penetración de xeración renovable. A produción fotovoltaica acadou máximos históricos en numerosos países, mentres que a eólica mantivo unha elevada participación, suxeita á variabilidade meteorolóxica.

En España, as enerxías renovables representaron o 56 % do mix de xeración, e mantívose en niveis semellantes aos do exercicio anterior, nun ámbito de recuperación moderada da demanda eléctrica. A eólica volveu liderar a estrutura de xeración, seguida da nuclear e a solar fotovoltaica.

De cara a 2026, prevese que a demanda eléctrica en Europa continúe mostrando un crecemento moderado, impulsado pola electrificación do transporte, a industria e os edificios, así como polo desenvolvemento da intelixencia artificial e os centros de datos, que se perfilan como un dos principais motores estruturais do consumo a medio e longo prazo.

Gases renovables

O actual contexto xeopolítico, a necesidade de reforzar a independencia enerxética e o crecente desenvolvemento regulatorio están a impulsar a integración dos gases renovables no sistema enerxético. En Europa, o hidróxeno renovable e o biometano consolidáanse como vectores clave para avanzar na descarbonización, mellorar a resiliencia do sistema e reducir a dependencia enerxética exterior.

O hidróxeno renovable posiciónase como un elemento estratéxico para descarbonizar sectores difíciles de electrificar, como a industria intensiva en enerxía e o transporte pesado. O seu desenvolvemento contribuirá a achegar flexibilidade ao sistema enerxético, aínda que requirirá elevados investimentos, avances tecnolóxicos e o despregamento progresivo de infraestruturas, en liña coas iniciativas e o apoio regulatorio impulsado pola Comisión Europea.

Pola súa banda, o biometano desempeña un papel relevante na substitución gradual do gas natural mediante o aproveitamento de recursos locais. En 2025, a capacidade de produción comunitaria alcanzou aproximadamente os 7 bcm, con máis de 1.600 instalacións en operación. En España, o sector encóntrase nunha fase de aceleración, cun aumento significativo do número de plantas en funcionamento.

Así mesmo, o consumo de bioGNL rexistrou un crecemento notable a escala global, impulsado polo seu potencial para descarbonizar o transporte pesado e o sector marítimo. Este crecemento viuse reforzado por novas normativas europeas que promoven o uso de combustibles sostibles no transporte.

3.2

[2-12] [2-13] [2-15] [2-17] [2-25] [2-26] [3-3] [205-1] [205-2]

XESTIÓN DE RISCOS



NORMAS E PROCEDEMENTOS

As normas e procedementos de Reganosa aseguran un adecuado tratamento dos riscos, garanten o cumprimento da normativa vixente nos diferentes ámbitos de xestión e permiten aproveitar oportunidades mitigando efectos adversos.

Principais manuais, procedementos e políticas de Reganosa:

- Código Ético e de Conduta.
- Manual do Sistema Integrado de Xestión.
- Política de Seguridade, Saúde, Medio e Calidade.
- Manual de prevención de riscos penais.
- Política do Sistema Interno de Información.
- Política contra a corrupción e a fraude.
- Política de conflitos de interese.
- Política de patrocinios.
- Política de confidencialidade e privacidade.
- Política de tratamento de atencións e agasallos.
- Protocolo de acoso.
- Procedementos para o tratamento dos riscos de proxectos.
- Manual de compliance en materia operativa, legal, fiscal e laboral.
- Procedementos de seguridade da información e tecnoloxías TIC.
- Procedementos de calidade, administración e finanzas, orzamentos, control de operacións, contratación, avaliación e homologación de provedores e formación.

PROCEDEMENTO DE XESTIÓN DOS RISCOS

FASES



ESTRUTURA ORGANIZATIVA

Consello de Administración

- Aproba os criterios de nivel de risco aceptable e as políticas de tratamento.
- Supervisa a eficacia do sistema de xestión de riscos.

Dirección e responsables de área

- Identifica novos riscos relevantes ou cambios significativos que poidan afectar as actividades e procesos.
- Avalía os riscos con apoio do Comité de Auditoría e Cumprimento e expertos.
- Xestiona as actividades de acordo co nivel de risco aceptable establecido.

Comité de Auditoría e Cumprimento

- Controla que os riscos se xestionan dentro do nivel de risco aceptable establecido.
- Realiza o seguimento das medidas e niveis de risco nas operacións.
- Presta asesoramento e apoio a todas as áreas da compañía para a xestión e control dos riscos.

PRINCIPAIS CERTIFICACIÓNS



PRINCIPAIS RISCOS

TIPO DE RISCO [201-2] [205-2]	DESCRICIÓN	MEDIDAS PREVENTIVAS E ACCIÓNS CORRECTIVAS	
NEGOCIO	Regulatorios Os cambios no marco normativo poderían ter incidencia na actividade.	Comunicación fluída cos organismos reguladores e administracións públicas nacionais e internacionais nun marco colaborativo. Seguimento continuo das modificacións legais aprobadas en cada momento e realización de propostas de desenvolvemento regulatorio. Participación en asociacións, foros de debate e grupos de traballo, e interacción de forma activa co resto de axentes do sector. Defensa xurídica dos intereses da compañía naqueles casos nos que resulta necesario. Aposta polas tecnoloxías renovables e o deseño de ferramentas dixitais e plans de eficiencia enerxética que permitan optimizar os proxectos e respondan adecuadamente ás esixencias regulatorias.	
	Conxunturais e de mercado Relacionados co conxunto de elementos que configuran a situación do sector e a configuración do mix enerxético.	Seguimento constante do comportamento da demanda. Análise continua do mercado enerxético en Europa e o resto do mundo, valorando os posibles impactos no negocio futuro. Adaptación da actividade á taxonomía europea de finanzas sostibles. Seguimento da evolución económica, política e social dos países.	
	Proxectos internacionais Riscos xeopolíticos e operativos dos países onde Reganosa desenvolve a súa actividade.	Estudo constante de oportunidades e configuración de servizos que acheguen un valor diferencial aos clientes. Selección de proxectos, baseada nunha análise detallada do cliente, o país, o modelo de negocio, as marxes e riscos. Limitación de responsabilidade nos proxectos.	
	Proxectos renovables Riscos derivados do atraso na posta en marcha.	Análise de oportunidades de negocio e de alianzas estratéxicas no ámbito das tecnoloxías renovables (eólica, biometano, almacenamento con bombeo e hidróxeno). Relación continua e seguimento coas Administracións Públicas e organismos reguladores. Protocolos de tramitación de autorizacións. Equipo técnico e legal especializado.	
	Tecnolóxicos Posicionamento tecnolóxico á vangarda que evite perda de oportunidades.	Equipo de dixitalización especializado integrado por perfís científicos e técnicos. Desenvolvemento de ferramentas dixitais propias baseadas en modelos matemáticos que permiten deseñar e operar proxectos optimizando a súa configuración e eficiencia enerxética. Plan de transformación dixital dos procesos da compañía, que permite a adaptación constante ás novas tecnoloxías.	
	Novos proxectos Atrasos na obtención de autorizacións.	Relación continua e seguimento coas Administracións Públicas e organismos reguladores. Protocolos de tramitación de autorizacións. Equipo técnico e legal especializado.	
	REPUTACIONAL	Xestión da percepción que os grupos de interese teñen de Reganosa.	Monitorización de información en medios e redes sobre a compañía.
			Emisión de notas de prensa e reunións periódicas con grupos de interese.
			Código Ético e de Conduta e normativa interna para garantir o comportamento ético dos profesionais e o cumprimento da lexislación.
			Desenvolvemento de plans comunicacionais que inclúen a todos os grupos de interese.

PRINCIPAIS RISCOS

[11.2.2]

TIPO DE RISCO [201-2]	DESCRICIÓN	MEDIDAS PREVENTIVAS E ACCIÓNS CORRECTIVAS	
OPERATIVO	Seguridade integral (persoas, instalacións, sistemas e información) Garantir que os impactos e riscos se minimizan ou eliminan.	Implantación e mantemento do Sistema Integrado de Xestión da calidade, medio ambiente, seguridade e saúde ocupacional (ISO 9001, ISO 45001, ISO 14001 e EMAS). A Comisión de Seguridade da compañía realiza un seguimento permanente dos plans, medidas e actividades de formación do persoal. Planificación da actividade preventiva, na que se establecen as medidas a levar a cabo para controlar, reducir e eliminar os riscos detectados nas avaliacións. Revisión periódica dos Plans de Seguridade e realización de simulacros para garantir a eficacia das actuacións previstas. O Plan de Prevención de Riscos Laborais desenvolve as accións preventivas a integrar en toda a estrutura organizativa. Seguimento da actividade mediante un centro de control permanente de ciberseguridade (SOC). Contratación dun paquete de seguros con compañías de recoñecido prestixio e experiencia internacional no sector enerxético para responder a todas aquelas continxencias que puidesen xurdir. Certificación mediante a ISO 27001 do Sistema de Xestión da Seguridade da Información. Implantación de medidas de ciberseguridade nos sistemas de información, segregación de funcións e limitacións de acceso.	
	Sostibilidade e medio ambiente Cumprimento dos obxectivos de transición enerxética, ambiente, inclusión, coidado das persoas e bo goberno.	Implantación e mantemento do Sistema Integrado de Xestión da calidade, medio ambiente, seguridade e saúde ocupacional (ISO 9001, ISO 45001, ISO 14001 e EMAS). Sistema de políticas e procedementos en materia de compliance, medio ambiente e sostibilidade que rexen a actividade da compañía e permiten monitorizar a evolución de forma constante. Programas de mellora ambiental e seguimento dos parámetros da contorna. Establecemento dun procedemento de homologación de provedores para a contratación de servizos, obras e aprovisionamentos, que aseguran a selección dos máis cualificados.	
	O&M das infraestruturas Riscos asociados ao funcionamento dos activos, por erros humanos, falta de adaptación ou obsolescencia.	Desenvolvemento e implantación de procedementos e actuacións segundo criterios de calidade, medio ambiente e prevención (Certificacións ISO 9001, ISO 45001, ISO 14001 e EMAS). Métodos analíticos validados de acordo a UNE ISO IEC 17025 para determinación de composición e propiedades físicas de gas natural e análise de compostos de xofre. Revisión preventiva e predictiva de equipos, de acordo con programas específicos de mantemento. Uso das últimas tecnoloxías nos equipos de medición. O procedemento de xestión de incidentes industriais establece a metodoloxía do proceso de investigación das condutas ou factores que determinaron a ocorrencia de incidentes. A partir das conclusións acadadas, implántase e realízase o seguimento de medidas correctivas e preventivas específicas para evitar a súa repetición. Plans de formación continuos dos operadores. Establecemento de comunidades de práctica transversais a todo o grupo, que permiten homoxeneizar procesos, compartir coñecemento e avaliar de xeito permanente a operación de infraestruturas.	
	FINANCEIRO	Risco de tipos de xuro	Política de cobertura deste risco baseada no mantemento de tipos de xuro fixos. Contratación de sistemas de cobertura de tipos de xuro que protexan o negocio fronte a escenarios de tipos altos. Mantemento das disponibilidades líquidas necesarias para facer fronte aos compromisos financeiros.
		Fluxo de caixa	Manter un balance sólido e liñas de financiamento adecuadas que aseguren a solvencia para afrontar os proxectos.
		Risco de financiamento no desenvolvemento de novos proxectos	Relación fluída con entidades bancarias. Xestión dos procesos de financiamento a través de asesores e persoal especializado. Desenvolvemento de proxectos aliñados co Regulamento (UE) 2020/852 relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sostibles.
		Fiscal	Procedementos fiscais. Asesoramento por expertos fiscais acerca dos criterios de tributación de todas as operacións da compañía.

3.3 [2-23]

PLAN ESTRATÉXICO



SOSTIBILIDADE ECONÓMICA, SOCIAL E MEDIOAMBIENTAL



INFRAESTRUTURAS

- Garantir a seguridade de subministración enerxética.
- Eficiencia operativa das infraestruturas optimizando o control de custos e mellorar a súa competitividade.
- Diversificación de actividades e tecnoloxías sostibles como piares dun mix enerxético equilibrado e resiliente.
- Impacto estratéxico nos territorios e creación de valor local.
- Proxectos circulares para potenciar a competitividade e xerar vantaxes estratéxicas.
- Garantir unha rendibilidade razoable e estabilidade financeira.
- Enfoque regulatorio e tecnolóxico orientado á sostibilidade, rendibilidade e desenvolvemento responsable das actividades do negocio.



SERVIZOS

- Liderado mundial na prestación de servizos de O&M para infraestruturas enerxéticas a medio e longo prazo.
- Sinerxías e integración entre negocios, ampliando a nosa oferta de servizos en función das necesidades dos clientes, actuais e futuros, e dos *stakeholders* da cadea de valor.
- Eficiencia enerxética a través de ferramentas e solucións dixitais propias.
- Innovación tecnolóxica no desenvolvemento de infraestruturas e modelos de consumo enerxéticos.




PERSOAS

MELLORAR O BENESTAR DA SOCIEDADE E A COMPETITIVIDADE DAS EMPRESAS

MODELO DE XESTIÓN SOSTIBLE

[2-23]



LIÑAS ESTRATÉXICAS ESG DE REGANOSA

[2-23]

Ambiental

- Neutralidade en carbono en 2040.
- Redución das emisións GEI.
- Enerxía limpa e segura para o tecido social e produtivo.
- Eficiencia en consumos e xestión de residuos (3R: reducir, reutilizar e reciclar).



Social

- Dixitalización para o impulso do negocio.
- Empresa tecnolóxica de referencia.
- Cultura innovadora, áxil e colaboradora que atraia e reteña o talento.
- Plans de formación e mentoring.
- Diversidade e inclusividade.
- Programas de acción social educativos, culturais e deportivos.
- Impacto no territorio: benestar para as familias e competitividade para a industria.



Goberno

- Incentivos do equipo de dirección e responsables vinculados a obxectivos de sostibilidade.
- Finanzas sostibles aliñadas coa taxonomía.
- Negocios éticos.



3.4 [2-23] [2-24]

ODS PRIORITARIOS PARA REGANOSA

REGANOSA DESENVOLVE A SÚA ESTRATEXIA EMPRESARIAL COMPROMETIDA CON ACADAR OS OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE (ODS), CANALIZANDO OS SEUS ESFORZOS CARA A AQUELES ÁMBITOS ONDE A SÚA CONTRIBUCIÓN É MÁIS RELEVANTE E ONDE A SÚA ACHEGA PODE XERAR MAIORES IMPACTOS POSITIVOS, ATENDENDO ÁS NECESIDADES DOS SEUS GRUPOS DE INTERESE E ÁS ACTIVIDADES E CAPACIDADES DA COMPAÑÍA.

Fomentar a igualdade de xénero

5.1.- Poñer fin a todas as formas de discriminación contra todas as mulleres e as nenas en todo o mundo.

5.5.- Velar pola participación plena e efectiva das mulleres e a igualdade de oportunidades de liderado a todos os niveis da adopción de decisións na vida política, económica e pública.

- Contamos cun Plan de Igualdade que articula medidas específicas para garantir a equidade de oportunidades e previr calquera forma de discriminación por razón de xénero.
- Os procesos de atracción, selección e incorporación deséñanse e execútanse baixo criterios obxectivos e transparentes para garantir un trato equitativo en todas as candidaturas.
- Levamos a cabo revisións periódicas da estrutura retributiva para confirmar a inexistencia de fendas salariais entre mulleres e homes en postos comparables.
- Colaboramos activamente no Clúster de Impacto Social impulsando a integración dos dereitos humanos e o enfoque de diversidade e inclusión na xestión corporativa.

Indicadores GRI asociados

401-3	Permiso parental.
404-1	Media de horas de formación ao ano por empregado.
405-1	Diversidade en órganos de goberno e empregados.
405-2	Cociente do salario base e da remuneración de mulleres fronte a homes.



Garantir o acceso a unha enerxía accesible, fiable e sostible

7.2 De aquí a 2030, aumentar considerablemente a proporción de enerxía renovable no conxunto de fontes enerxéticas.

- Contribuímos a xerar enerxía renovable ao favorecer unha subministración eléctrica segura, competitiva e respectuosa co medio ambiente.
- Impulsamos e desenvolvemos proxectos enerxéticos renovables que integran as últimas tecnoloxías de almacenamento.
- Promovemos o uso de fontes renovables para a mobilidade a través de proxectos específicos e a participación en asociacións do sector.
- Desenvolvemos ferramentas dixitais que permitan configurar infraestruturas e sistemas enerxéticos máis eficientes, co máximo aproveitamento da auga, o vento e o sol.

Indicadores GRI asociados

302-1	Consumo enerxético dentro da organización.
302-2	Consumo enerxético fóra da organización.
302-3	Intensidade enerxética.
302-4	Redución do consumo enerxético.
Indicador de Reganosa	Disponibilidade das instalacións.



Promover o crecemento económico sostido, inclusivo e sostible, e o emprego de calidade

8.2 Lograr niveis máis elevados de produtividade económica mediante a diversificación, a modernización tecnolóxica e a innovación, entre outras cousas centrándose nos sectores con gran valor engadido e un uso intensivo da man de obra.

8.5 De aquí a 2030, lograr o emprego pleno e produtivo e o traballo decente para todas as mulleres e os homes, incluídos os mozos e as persoas con discapacidade, así como a igualdade de remuneración por traballo de igual valor.

8.6 De aquí a 2030, reducir considerablemente a proporción de mozos que non están empregados e non cursan estudos nin reciben capacitación.

8.8 Protexer os dereitos laborais e promover un ámbito de traballo seguro e sen riscos para todos os traballadores, incluídos os traballadores migrantes, en particular as mulleres migrantes e as persoas con empregos precarios.

- Apostamos pola transformación dixital e a innovación aplicada, mediante investimentos continuos e acordos de colaboración con universidades e centros tecnolóxicos que impulsan a competitividade e o desenvolvemento do coñecemento.
- Desenvolvemos iniciativas de colaboración con centros de formación, orientadas á incorporación de xente nova profesional para facilitar o acceso ao emprego a través de programas de prácticas e bolsas.
- Implementamos políticas activas de atracción, desenvolvemento e fidelización do talento, aliñadas cos obxectivos estratéxicos da compañía e cun modelo de crecemento sostible a longo prazo.
- Garantimos contornas de traballo seguras e fiables, apoiadas en procesos definidos e en auditorías periódicas que reforzan a prevención de riscos e o cumprimento normativo.

Indicadores GRI asociados

Indicador de Reganosa	Transformación dixital e innovación.
2-8	Traballadores que non son empregados.
201-1	Valor económico directo xerado e distribuído.
401-1	Novas contratacións e rotación dos empregados.
407-1	Operacións e provedores cuxo dereito á liberdade de asociación e negociación colectiva podería estar en risco.
403-1	Sistema de xestión da saúde e a seguridade no traballo.
403-2	Identificación de perigos, avaliación de riscos e investigación de incidentes.



Desenvolver infraestruturas seguras e eficientes que subministren enerxía sostible ao tecido industrial dos territorios

9.1 Desenvolver infraestruturas fiables, sostibles, resilientes e de calidade, incluídas infraestruturas rexionais e transfronteirizas, para apoiar o desenvolvemento económico e o benestar humano, facendo especial fincapé no acceso alcanzable e equitativo para todos.

9.4 De aquí a 2030, modernizar a infraestrutura e reconverter as industrias para que sexan sostibles, utilizando os recursos con maior eficacia e promovendo a adopción de tecnoloxías e procesos industriais limpos e ambientalmente racionais, e logrando que todos os países tomen medidas de acordo coas súas capacidades respectivas.

9.5 Aumentar a investigación científica e mellorar a capacidade tecnolóxica dos sectores industriais de todos os países, en particular os países en desenvolvemento, entre outras cousas fomentando a innovación e aumentando considerablemente, de aquí a 2030, o número de persoas que traballan en investigación e desenvolvemento por millón de habitantes e os gastos dos sectores público e privado en investigación e desenvolvemento.

- Ademais dos proxectos de enerxía renovable e almacenamento, desenvolvemos e participamos en iniciativas para implantar novos usos do gas natural na mobilidade, que permitan reducir as emisións dos gases de efecto invernadoiro.
- Operamos infraestruturas gasistas que permitan o cambio de combustibles máis contaminantes, reducindo as emisións GEI.
- A unidade operativa de dixitalización de Reganosa dedícase ao desenvolvemento de ferramentas orientadas a reducir residuos e a facer unha xestión eficiente de instalacións e recursos, como DTSSO, o programa Zeppelin e a aplicación Oiio.

Indicadores GRI asociados

203-1	Investimentos en infraestruturas e servizos apoiados.
203-2	Impactos económicos indirectos significativos.



Lograr que as cidades e os asentamentos humanos sexan inclusivos, seguros, resilientes e sostibles

11.2 De aquí a 2030, proporcionar acceso a sistemas de transporte seguros, alcanzables, accesibles e sostibles para todos e mellorar a seguridade viaria, en particular mediante a ampliación do transporte público, prestando especial atención ás necesidades das persoas en situación de vulnerabilidade, as mulleres, os nenos, as persoas con discapacidade e as persoas de idade.

11.4 Redobrar os esforzos para protexer e salvagardar o patrimonio cultural e natural do mundo.

11.6 De aquí a 2030, reducir o impacto ambiental negativo per cápita das cidades, mesmo prestando especial atención á calidade do aire e a xestión dos refugallos municipais e doutro tipo.

- Os proxectos enerxéticos nos que traballa Reganosa permitirán reducir o impacto ambiental negativo nas cidades para cumprir cos obxectivos 2030, con especial incidencia na calidade do aire, a xestión de desfeitos e a subministración de enerxía limpa e competitiva.
- Desenvolvemos un programa de acción social dedicado, entre outros aspectos, ao fomento da cultura e a educación.



Indicadores GRI asociados

305-1	Emisións directas de gases de efecto invernadoiro. Alcance 1 (segundo GHG Protocol).
305-2	Emisións indirectas de gases de efecto invernadoiro. Alcance 2 (segundo GHG Protocol).
305-3	Outras emisións indirectas de GEI (alcance 3).
305-6	Emisións de substancias que esgotan a capa de ozono (SAO).
305-7	NOx, SOx e outras emisións atmosféricas significativas ao aire.

Garantir modalidades de consumo e produción sostibles

12.2 De aquí a 2030, lograr a xestión sostible e o uso eficiente dos recursos naturais.

12.4 De aquí a 2030, lograr a xestión ecoloxicamente racional dos produtos químicos e de todos os refugallos ao longo do seu ciclo de vida, de conformidade cos marcos internacionais convidados, e reducir significativamente a súa liberación á atmosfera, a auga e o chan co fin de minimizar os seus efectos adversos na saúde humana e o ambiente.

12.5 De aquí a 2030, reducir considerablemente a xeración de refugallos mediante actividades de prevención, redución, reciclaxe e reutilización.

- Desenvolvemos proxectos de economía circular, que valoricen residuos, clasifiquen e traten refugallos e xeren enerxía, materiais reciclados e fertilizantes.
- Medimos cada ano os consumos enerxéticos co fin de minimizar a nosa pegada de carbono, controlar a súa evolución e fixar obxectivos de redución progresivos.
- Xestionamos con responsabilidade os nosos residuos a través de xestores autorizados e destinamos a máxima porcentaxe posible a reciclaxe ou reutilización.
- Fomentamos a compra a subministradores locais en cada unha das instalacións que xestionamos ou operamos.



Indicadores GRI asociados

302-3	Intensidade enerxética.
302-4	Redución do consumo enerxético.
303-3	Extracción de auga.
303-4	Verteduras de auga.
301-2	Insumos reciclados.
306-3	Residuos xerados.

Adoptar medidas urxentes para combater o cambio climático e os seus efectos

13.3 Mellorar a educación, a sensibilización e a capacidade humana e institucional respecto da mitigación do cambio climático, a adaptación a el, a redución dos seus efectos e a alerta temperá.

- Establecemos compromisos de eficiencia e redución da intensidade enerxética nas nosas infraestruturas.
- Participamos no Clúster de cambio climático, desenvolvendo a folla de ruta para a transformación empresarial cara a unha economía baixa en carbono, de acordo co obxectivo de Axenda 2030 de Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.



Indicadores GRI asociados

302-3	Intensidade enerxética.
302-4	Redución do consumo enerxético.
303-3	Extracción de auga.
303-4	Verteduras de auga.

04

MODELO DE XESTIÓN

- 4.1 SEGURIDADE INTEGRAL
- 4.2 XESTIÓN OPERATIVA E PROXECTOS
- 4.3 XESTIÓN DE RECURSOS NATURAIS
- 4.4 XESTIÓN DO CAPITAL HUMANO
- 4.5 ORIENTACIÓN AO CLIENTE
- 4.6 CADEA DE SUBMINISTRACIÓN
- 4.7 RELACIÓNS CON GRUPOS DE INTERESE
- 4.8 XERACIÓN DE RIQUEZA E ACTIVIDADE
- 4.9 XESTIÓN DO CAPITAL FINANCEIRO
- 4.10 COMPROMISO SOCIAL



4.1

[2-23] [2-24] [3-3] [403-6] [403-7]

SEGURIDADE INTEGRAL

AVANCE EN 2025

- Implementación de todas as accións definidas dentro do Plan de transformación da seguridade para lograr entrar nun estado de cultura interdependente.
- Desenvolvemento do plan de simulacros, destinado a optimizar as intervencións técnicas do persoal.

OBXECTIVOS PARA 2026

- Consolidar a madureza da cultura de seguridade alcanzada.
- Identificar oportunidades de mellora para reforzar comportamentos seguros e estándares operativos.
- Avaliación continua a través do seguimento de indicadores e auditorías en campo.
- Consolidar o programa de recoñecemento en materia de seguridade.
- Desenvolvemento do plan de simulacros, destinado a optimizar as intervencións técnicas do persoal.

SISTEMA INTEGRADO DE XESTIÓN

[403-1] [403-2] [3-3]

A seguridade integral é un dos principios básicos de xestión da compañía. En cada unha das súas liñas de negocio, Reganosa aplica os estándares internacionais máis esixentes e desenvolve as prácticas necesarias para garantir a seguridade das persoas, as instalacións, o medio ambiente e a información. Toda a súa actividade desenvólvese de acordo coa Política de Seguridade e Saúde, Medio e Calidade.

A compañía conta cun Sistema de Xestión Integrado auditado anualmente, e certificado, entre outros, conforme ás normas ISO 9001, ISO 14001 e ISO 45001, que garante o cumprimento da lexislación e prevén e minimiza os impactos asociados á súa actividade. O alcance da certificación inclúe actualmente as operacións de Regasificadora del Noroeste, Reganosa Servicios, Reganosa Asset Investments, Reganosa Italia*, Reganosa Malta e Reganosa Alemaña.

*Ata que finalice o contrato de O&M en agosto de 2025.


SISTEMA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

[403-1] [403-4] [403-6] [403-7]

Os Plans de Prevención de Riscos Laborais de Reganosa establecen as medidas a integrar nos procesos operativos e nas condicións e organización do traballo, co fin de asegurar o control dos riscos en todas as instalacións e cumprir coa normativa vixente nas situacións onde Reganosa está presente.

Reganosa promove a cultura de seguridade tamén entre as súas empresas colaboradoras, estendendo todas as medidas e requisitos técnicos para a realización de actividades nas instalacións. Antes da formalización da relación contractual e durante o desenvolvemento desta, revísase a documentación de seguridade das empresas colaboradoras a través dunha aplicación informática e posteriormente impárteselles un curso de acceso previo ao desenvolvemento da actividade.

Cada centro de traballo ten o seu propio representante ou Comité de Seguridade e Saúde onde participan os delegados de prevención que representan os profesionais. Os comités reúnen periodicamente para revisar as actuacións da empresa en materia de prevención de riscos laborais.



INDICADORES DE SEGURIDADE LABORAL

[403-9]

	2025	2024	2023
Índice de frecuencia total*	8,88	2,51	0
Índice de gravidade total**	0,28	0,07	0
Índice de frecuencia do persoal propio	0	3,37	0
Índice de gravidade do persoal propio	0	0,09	0
Índice de frecuencia para traballadores externos	21,87	0	0
Taxa de enfermidades profesionais	0	0	0
Vítimas mortais	0	0	0

* Índice de frecuencia = accidentes en xornada de traballo con baixa x 1.000.000/n.º de horas traballadas (incluídas as extras).

** Índice de gravidade = xornadas perdidas por accidentes en xornada de traballo con baixa x 1.000/n.º de horas traballadas (incluídas as extras).

En 2024 produciuse 1 accidente con baixa de persoal propio cun período de ausencia asociado inferior a 1 mes. En 2025 non se produciu ningún accidente con baixa de persoal propio, mentres que houbo 4 de traballadores externos.

TAXA DE ABSENTISMO POR XÉNERO E PAÍS (%)*

	Mulleres	Homes
España	6,69	11,45
Malta	1,53	1,08
Italia**	0,82	2,18
Alemaña	—	1,91

*Índice de absentismo = horas perdidas/horas teóricas x 100.

** Absentismo rexistrado ata a finalización do contrato de O&M nese país.

SAÚDE LABORAL

[403-2] [403-3] [403-5] [403-6]

Reganosa promove hábitos saudables entre os seus profesionais, realizando de forma periódica recoñecementos médicos e impulsando a participación en campañas e actividades informativas sobre saúde.



Durante o ano 2025 realizáronse os seguintes talleres:

- Hábitos de vida saudables.
- Prevención de trastornos musculoesqueléticos.
- Primeiros auxilios.
- Prevención de riscos en PVD e dispositivos TIC portátiles.
- Manexo desfibrilador.

Reganosa está adherida á Declaración de Luxemburgo, pola que se comprometeu coa integración dos principios básicos da promoción da saúde no traballo e na xestión da saúde dos seus profesionais.



PLAN DE TRANSFORMACIÓN DA CULTURA DE SEGURIDADE

[403-2] [403-5] [403-7]

Unha organización en constante evolución

Durante os últimos anos, nun marco de crecemento operativo da compañía, a seguridade consolidouse como un pilar estratéxico. Dende 2021, o Grupo Reganosa desenvolve un proceso de revisión continua e de evolución cultural en materia de seguridade.

Este proceso apóiase en varios piares estratéxicos: o liderado visible, impulsando comportamentos seguros; o reforzo de procesos críticos, baseados nas mellores prácticas do sector, e o desenvolvemento de competencias a través de formacións, obradoiros e acompañamento.


Unha transformación cultural en tres etapas


Consolidouse unha cultura na que os equipos coidan activamente os uns aos outros, sendo a seguridade un valor compartido e interdependente.

Neste exercicio cumpríronse o 100 % dos obxectivos marcados, e conseguiuuse o nivel de cultura de seguridade interdependente, cun alto nivel de madurez operativa.

Entre as principais accións derivadas do Plan durante o exercicio salientan:

- Desenvolvemento dun programa de formación para consolidar o liderado en seguridade a través da aplicación práctica das rutinas de seguridade.
- Reforzo do uso das Regras de Ouro, un conxunto de normas esenciais de seguridade que guían os comportamentos seguros en todas as actividades, e que se consolida como pilar fundamental da cultura de seguridade do Grupo.
- Asegurar o intercambio de leccións aprendidas, especialmente de incidentes.





SEGURIDADE DAS INSTALACIÓNS

[3-3] [403-2] [403-4] [403-5] [403-7]

Reganosa leva a cabo un seguimento continuo de todas as súas instalacións mediante avanzados sistemas de monitorización e control. Ademais, imparte formación sobre seguridade e actuación en caso de emerxencia a todos os seus profesionais e ao 100 % dos contratistas externos que traballan nas súas instalacións.

Todas as adaptacións tecnolóxicas necesarias nas instalacións sométnense a un estrito procedemento de xestión de cambios no que

se identifican as necesidades de realización de estudos cuantitativos e cualitativos de riscos de acordo con estándares internacionais de boas prácticas.

Reganosa coopera co Centro Nacional de Protección das Infraestruturas Críticas (CNPIC) e o Instituto Nacional de Ciberseguridade (INCIBE), e conta con plans específicos para previr e manter a adecuada protección das instalacións en cada momento.

SEGURIDADE DA INFORMACIÓN

[3-3]

Reganosa dispón dun sistema de xestión integrado de seguridade da información (SXSII), e está certificada conforme á norma ISO 27.001. Así mesmo, conta cun Centro de operacións e resposta a incidentes de seguridade da información, xestionado polo Responsable de Seguridade da Información, e cun Delegado de Protección de Datos.

Durante o ano 2025 superáronse as auditorías internas e externas con respecto á norma ISO 27001:2022 de sistemas de seguridade da información. Ademais, impartíuse un programa intensivo de formación en materia de ciberseguridade a todos os profesionais, que inclúe pautas de uso das ferramentas de intelixencia artificial para cumprir a Directiva NIS2.



**14,6
HORAS**

de formación por empregado en materia de seguridade, saúde e medio ambiente.

**46
SIMULACROS**

de incidentes nas terminais, algún deles coa participación de grupos externos



4.2 [2-6] [2-23] [2-24] [203-1] [203-2] [3-3]

XESTIÓN OPERATIVA E PROXECTOS

AVANCE EN 2025

- Adquisición das centrais hidroeléctricas Arias I, Arias II e Ariéstolas, na provincia de Huesca, con 19 MW de potencia instalada.
- Expansión da actividade de servizos en novos países: Australia, Corea do Sur, Ecuador e Xordania.
- 100 % de cumprimento das liñas de acción do Plan de evolución de seguridade integral.
- Posta en marcha do sistema de compresión de alta presión na planta de Mugaros
- Despregamento da nova WebApp de OIIO.
- Certificación ISCC da terminal de Mugaros e o Musel E-Hub para a carga de bioGNL.

OBXECTIVOS PARA 2026

- Avanzar no desenvolvemento de proxectos renovables, en contornas de dixitalización e afianzar alianzas estratéxicas.
- Aumentar a prestación de servizos de O&M.
- Manter o rigor nas actividades da compañía, protexendo a seguridade das persoas e o ambiente.
- Avanzar no desenvolvemento de ferramentas dixitais.

LIÑA DE NEGOCIO

[2-6]

INFRAESTRUTURAS	SERVIZOS
Infraestruturas reguladas	Consultoría e xestión integral de infraestruturas
Transición enerxética	Eficiencia enerxética e dixitalización



Infraestruturas reguladas

[2-6] [203-1]

100 %



TERMINAL DE GNL DE MUGARDOS

Características

- Almacenamento de tipo contención total onshore.
- Tecnoloxía de vaporización ORV e SCV.

Capacidades

- Atraque: calquera tamaño (segundo compatibilidade previa) ata 266.000 m³.
- Almacenamento: 300.000 m³.
- Regasificación: 412.800 Nm³/h.

Relevancia estratéxica

- Contribución ao desenvolvemento sostible de Galicia, á competitividade das súas industrias e á descarbonización da súa economía como respaldo das renovables.
- Rol clave para garantir a seguridade da subministración en España e Europa.
- Ferramentas dixitais propias para a xestión da actividade.

Servizos comerciais

- Descarga e carga de GNL a buques. A terminal de Mugardos realiza operacións de descarga e carga de GNL aos buques con caudais de 12.000 e 1.000 m³/h respectivamente.
- Carga de bioGNL a buques e cisternas. A terminal conta coa International Sustainability and Carbon Certification da Unión Europea (ISCC EU), que acredita que o gas natural licuado cargado en camiións cisterna ou buques procede, total ou parcialmente, de fontes renovables e sostibles grazas a un sistema de rastrexabilidade e certificados de sostibilidade.
- Gassing up e Cool Down. Na actualidade a planta conta coa maior experiencia do sistema gasista español nestas actividades.
- Almacenamento. Os dous tanques de almacenamento cos que conta a planta permiten almacenar ata 300.000 m³ de GNL.
- Regasificación. A capacidade de regasificación anual é de 3,6 bcm.
- Carga de cisternas. A planta ten unha capacidade de carga anual de 12.775 cisternas.
- Análise de laboratorio. O laboratorio de Reganosa presta servizos de ensaio de calidade de gas natural e está acreditado conforme a norma UNE-EN ISO/IEC 17025:2017. A devandita acreditación (número 1179/LE2273) foi concedida por ENAC (Entidade Nacional de Acreditación) e o seu alcance pódese consultar no sitio web de ENAC.

25 %



MUSEL E-HUB

Características

- Almacenamento de tipo contención total onshore.
- Tecnoloxía de vaporización ORV e SCV.

Capacidades

- Atracada: 65.000 m³ / 266.000 m³.
- Almacenamento: 300.000 m³.
- Regasificación: 800.000 Nm³/h.

Relevancia estratéxica

- Contribución á seguridade de subministración de gas en España e Europa.
- Diminución da dependencia enerxética europea e diversificación de fontes.
- Posición privilexiada no arco Atlántico.


Modelo comercial

A terminal opera baixo un modelo comercial híbrido, mediante o cal:

- Destínase unha porcentaxe do almacenamento á comercialización baixo contratos a longo prazo e outra porcentaxe ao negocio regulado.
- As operacións de carga e descarga de buques de GNL lévanse a cabo en réxime non regulado.

As operacións de carga de cisternas operan baixo un réxime de acceso regulado. A planta ten unha capacidade de carga anual de 10.950 cisternas.

A terminal conta coa International Sustainability and Carbon Certification da Unión Europea (ISCC EU), que acredita que o gas natural licuado cargado en camiións cisterna ou buques procede, total ou parcialmente, de fontes renovables e sostibles grazas a un sistema de rastrexabilidade e certificados de sostibilidade.



Transición enerxética

[2-6] [203-1] [203-2]

INSTALACIÓNS DE PRODUCCIÓN RENOVABLE

Centrais hidroeléctricas

Os activos incorporados*, as centrais Arias I, Arias II e Ariéstolas, situadas na provincia de Huesca, suman preto de 19 MW de potencia instalada.

Estes activos renovables diversifican a nosa actividade, reforzan o noso posicionamento na

transición enerxética e permiten integrar fontes de enerxía renovable e competitiva cos consumos enerxéticos do Grupo.

As centrais intégranse no río Cinca mediante un sistema de azudes e canles de aproximadamente

20 quilómetros de lonxitude. Estas infraestruturas xestiónanse de forma coordinada cos outros usos da auga existentes na cunca para garantir un aproveitamento equilibrado do recurso.

*O acordo de adquisición de Saltos del Cinca formalizouse durante 2025 e a operación completouse en xaneiro de 2026.



HUESCA

RÍO CINCA

C. h. Arias I

C. h. Arias II

C. h. Ariéstolas

Municipio	Estada
Potencia instalada (MW)	6,375
Tipo de turbina	Kaplan
Salto hidráulico (m)	16,8

Municipio	Estada
Potencia instalada (MW)	6,375
Tipo de turbina	Kaplan
Salto hidráulico (m)	15,3

Municipio	Almunia de San Juan
Potencia instalada (MW)	6,120
Tipo de turbina	Francis
Salto hidráulico (m)	34,9

TECNOLOXÍAS QUE IMPULSAMOS

[2-6] [203-1] [203-2]

Hidróxeno verde

- Produción de hidróxeno mediante electrólise da auga con electricidade renovable para descarbonizar a industria e a mobilidade.

Eólica

- Desenvolvemos unha carteira de xeración renovable para proporcionar enerxía competitiva e limpa á industria e aos nosos proxectos.

Almacenamento

- Almacenamento de electricidade mediante bombeo hidráulico e baterías.

Biometano

- Produción de biometano a partir da dixestión de residuos.

Hidroeléctrica

- Xeración de enerxía renovable para subministrar electricidade limpa e competitiva ao conxunto da sociedade e á industria.

Valdo Eume – Proxecto de interese común (PCI)

O obxectivo do proxecto Valdo Eume persegue integrar a produción de hidróxeno renovable das plantas de Triskelion en Mugardos, propiedade de Forestal del Atlántico, S. A., e H2Pole nas Pontes, promovida polo grupo Reganosa, a través da construción dun hidroduto.

Prevese que, nunha primeira fase, as infraestruturas acaden unha capacidade combinada de 100 MW e unha produción

estimada de ata 15.000 toneladas anuais de hidróxeno renovable.

Valdo Eume presentou a súa candidatura a ser Proxecto de interese común (PCI) en novembro de 2024: resultou avaliado favorablemente e incluíuse na listaxe de proxectos PCI que publicou a Comisión Europea en decembro de 2025. Este aspecto reforza o papel estratéxico destas infraestruturas para fortalecer a competitividade e seguridade enerxética de Europa.



Consultoría e xestión integral de infraestruturas

[2-6] [203-1] [203-2]

SERVIZOS QUE REALIZAMOS

Acompañamos os nosos clientes en todo o ciclo de vida dos seus proxectos

EN REGANOSA AXUDAMOS OS NOSOS CLIENTES A DESENVOLVER, OPERAR E MANTER INFRAESTRUTURAS ASOCIADAS A DIVERSOS VECTORES ENERXÉTICOS, DENDE O GAS NATURAL AO HIDRÓXENO, OU O BIOMETANO E AS SÚAS REDES, ATA A ENERXÍA HIDROELÉCTRICA, PARA GARANTIR A SEGURIDADE, A EFICIENCIA E A CLARIDADE TÉCNICA EN TODAS AS FASES DO CICLO DE VIDA DOS ACTIVOS.

O NOSO PROPÓSITO É CLARO: TRANSFORMAR A COMPLEXIDADE TÉCNICA E REGULATORIA EN INFRAESTRUTURAS OPERATIVAS QUE FUNCIONAN DENDE O PRIMEIRO DÍA, A TRAVÉS DUN COÑECEMENTO GLOBAL E INTEGRADO DO ACTIVO, UNHA CULTURA DE SEGURIDADE TRANSFORMADORA E UNHAS CAPACIDADES DIXITAIS PROPIAS, QUE ACHEGAN PRECISIÓN, EFICIENCIA E CAPACIDADE DE SIMULACIÓN.

CUN MODELO FLEXIBLE E CON GRAN CAPACIDADE DE DESPREGAMENTO EN DISTINTOS PAÍSES E CONTEXTOS, INTEGRAMOS OS TRABALLOS DE CONSULTORÍA, ENXEÑARÍA E OPERACIÓN PARA ACHEGAR CONSISTENCIA TÉCNICA E ANTICIPACIÓN.

CONSULTORÍA

Tomar as decisións axeitadas nas primeiras fases do ciclo de vida dos proxectos é crítico para asegurar o éxito dos proxectos.

Reganosa axuda os seus clientes a tomar decisións con rigor, contrastadas baixo estándares internacionais e preparadas para a súa execución.

Axudamos a reducir incerteza, a tomar decisións informadas e a preparar proxectos solidamente para a fase de enxeñaría e execución.

XESTIÓN DE PROXECTOS

A fase de desenvolvemento e execución é crítica para converter as decisións en infraestruturas listas para operar.

Reganosa ten un enfoque claro: protexer os intereses do cliente e asegurar que cada infraestruturas se diseña e executa para funcionar con seguridade, eficiencia e dispoñibilidade real.

A nosa visión incorpora a experiencia operativa, que se nutre dun *footprint* global, e traballamos en distintas configuracións, o que axuda a reducir riscos, evitar sobrecostos e garantir un activo listo para operar.

OPERACIÓN E MANTEMENTO INTEGRAL (O&M)

Operar de xeito seguro para garantir a fiabilidade das instalacións de forma eficaz é clave para a explotación óptima dos activos.

Reganosa é un operador global de infraestruturas en distintas configuracións, tecnoloxías e contextos regulatorios en todo o mundo. O noso modelo está enfocado na xestión integral do activo para o cliente, deste xeito garántese a seguridade, a fiabilidade e mellora continua. Todo isto está sustentado por ferramentas dixitais, procesos estandarizados e un sistema robusto de comunidades de práctica.


Servicios de **consultoría**

[2-6]

Servicios de **xestión de proxectos**

[2-6]

Formación sobre configuración de terminal flotante en **Polonia**: aspectos máis relevantes para un proxecto tipo FSRU, organización e interfaces.



Optimización de deseños de módulos de regasificación en **Corea do Sur**: determinación de idoneidade do deseño e probabilidade de fallo. Propostas de mellora e adecuación aos estándares de operación internacionais.




Medición de emisións fuxitivas en **España e Alemaña**. Análise de riscos, escenarios e corrección de deseño. Cumprimento regulatorio.

Estudo preliminar dos puntos críticos para identificar unha solución de xeración eléctrica de abastecemento dun centro de datos en **España**.

Asistencia operativa e capacitación en terminais en funcionamento en **Alemaña e Filipinas**: capacitación técnica local e para asegurar unha operación estable. Despregamento áxil nun contexto técnico-regulatorio complexo.



Avaliación de viabilidade para terminais de importación de gas licuado en **Ecuador, Honduras e República Dominicana**: análise técnica, económica e regulatoria para a nova infraestrutura. Proposta de solucións.




Avaliación da viabilidade para substituír combustibles en centrais de xeración en **Serra Leoa**: análise técnica, loxística e regulatoria para a nova infraestrutura utilizando ferramentas dixitais de simulación.





Peritaxe técnica independente en **Paquistán**: análise contractual en procesos de peritaxe internacional.

Revisión técnica, comisionado e posta en marcha dunha terminal en **Vietnam**: supervisión técnica preoperacional e posta en marcha.



Xestión do proxecto de construción dunha nova terminal en **Senegal**: dirección e supervisión integral do proxecto. Control técnico, coordinación e aliñamento de actores.

Análise regulatoria e preparación operativa para a terminal en **Xordania**: avaliación técnica-operativa e apoio institucional. Aliñamento entre regulación, capacidade operativa e seguridade.



Avaliación da viabilidade, en **Filipinas**, de:

Un gasoduto: análise técnica, económica e regulatoria para a nova infraestrutura utilizando ferramentas dixitais de simulación.

A substitución de combustibles en centrais de xeración: análise técnica, loxística e regulatoria para a nova infraestrutura utilizando ferramentas dixitais de simulación.

Servizos en xestión integral de infraestruturas (O&M)

[2-6]

Alemaña. Terminal Brunsbüttel: operación integral de terminal en configuración FSRU. Despregamento *fast track* dunha solución de importación e implementación da xestión comercial das terminais.



España (Huesca). Operación, mantemento e xestión integral da central hidroeléctrica de Castillonroy.



Italia. Oristano Small-scale LNG: operación de instalación *small-scale* con plataforma de carga de camiós.



Australia. Terminal Port Kembla: Operación integral de terminal en configuración FSRU para subministrar gas no sur da costa leste australiana. Implementación da xestión comercial e do modelo operativo e de mantemento.



Ghana. Tema LNG: O&M en infraestrutura flotante que consta dun FSU e un FSRU. Adaptación a ámbitos híbridos e dinámicos a través de diferentes propostas de configuración da terminal.



Malta. Terminal Delimara: operación integral de terminal en configuración FSU con regasificación *onshore* en modelo illa, nun ámbito que require un elevado grao de fiabilidade.



Eficiencia enerxética e dixitalización

[2-6]

Ofrecemos servizos avanzados de eficiencia enerxética e planificación e xestión de sistemas enerxéticos a través de solucións dixitais propias.

A nosa tecnoloxía susténtase nunha sólida base científica e técnica, na análise exhaustiva de datos

e no uso intensivo de tecnoloxías dixitais avanzadas, o que permite ofrecer servizos de alto valor engadido adaptados ás necesidades específicas de particulares, autónomos, pequenos comercios, pemes e grandes consumidores industriais.



OPERACIÓN



PLANIFICACIÓN



XESTIÓN

ENERXÉTICA

SOLUCIÓNS DIXITAIS

OIIO

OIIO é unha plataforma integral de solucións dixitais orientada a ofrecer servizos de:

- **Optimización da tarifa eléctrica.** Trátase dunha ferramenta que analiza os perfís de consumo dos clientes, selecciona a tarifa eléctrica máis adecuada e xestiona de forma automática o proceso de cambio de contrato; deste xeito, simplifica a experiencia do cliente, garante aforros sostidos e ofrece recomendacións personalizadas.
- **Compra optimizada de enerxía eléctrica.** Trátase dun servizo baseado na aplicación de modelos avanzados que analizan o perfil de consumo de cada cliente e definen o mix óptimo de adquisición de enerxía eléctrica nos distintos mercados dispoñibles e as mellores coberturas. Este servizo permite reducir custos e mitigar riscos asociados á volatilidade dos mercados enerxéticos.
- **Xestión de certificados de aforro enerxético (CAE).** Facilitamos a identificación, tramitación e valorización de medidas de eficiencia enerxética para contribuír ao cumprimento normativo e á recuperación dos investimentos realizados a través da monetización dos aforros xerados.
- **Contadores intelixentes.** Instalación e operación de equipos intelixentes de medida, que permiten monitorizar o consumo enerxético en tempo real. Esta infraestrutura habilita un coñecemento detallado dos padróns de consumo, base indispensable para a optimización enerxética, a detección de ineficiencias e de anomalías, e a toma de decisións informadas para achegar aos clientes unha excepcional vantaxe competitiva sobre os sistemas existentes.
- **Operación de microrredes de enerxía.** Supervisión, control e optimización da subministración eléctrica en ámbitos complexos e esixentes, como infraestruturas portuarias ou polígonos industriais, con criterios de eficiencia, fiabilidade e sostibilidade.

OUTRAS FERRAMENTAS

O catálogo de solucións dixitais tamén inclúe ferramentas de soporte lóxico avanzado que permiten solucionar problemas de alta complexidade de forma eficiente e rápida:

DTSO

DTSO é unha solución dixital para xestionar e planificar sistemas enerxéticos eficientes, creada no marco da colaboración continua entre o Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia (CITMAga) e Reganosa. **Grazas á integración de técnicas de *machine learning* e modelos matemáticos de simulación de procesos, DTSO facilita a toma de decisións intelixentes e achega solucións óptimas que maximizan o aforro económico e melloran a eficiencia enerxética.**

A evolución desta ferramenta dixital estivo enmarcada no desenvolvemento do proxecto ZEPPELIN. O obxectivo deste proxecto foi investigar un conxunto flexible de tecnoloxías de produción e almacenamento de hidróxeno baseadas no aproveitamento de residuos e subprodutos, buscando mellorar de forma significativa os custos e a eficiencia da produción deste vector enerxético.

GANESO®

GANESO é unha ferramenta de simulación e optimización de redes de gas, resultado dun proxecto de investigación desenvolvido entre Reganosa e o CITMAga.

Esta colaboración foi premiada por considerarse o mellor caso de éxito de transferencia de tecnoloxía en Galicia 2016 pola Real Academia Galega de Ciencias e a Axencia Galega de Innovación. Considerando calquera escenario de demanda e condición de operación, GANESO analiza e replica redes complexas con todos os seus elementos, así como suxire melloras no seu funcionamento.



Comunidades de práctica

ESTRUTURAS PERMANENTES DE XESTIÓN OPERATIVA QUE IMPULSAN O COÑECEMENTO E A EXCELENCIA

A consolidación dun modelo de excelencia

Nos últimos anos, Reganosa consolidou un modelo organizativo baseado en comunidades de práctica (CoPs), unhas estruturas permanentes creadas para desenvolver, compartir e estender o coñecemento crítico en todas as áreas estratéxicas do Grupo. Estas comunidades, hoxe plenamente consolidadas, integran profesionais de Operación, Mantemento e SSMAC, e actúan como motores de goberno técnico, estandarización e aprendizaxe continua nas devanditas áreas.

A súa implantación permitiu homoxeneizar procesos críticos e boas prácticas en todos os países onde operamos, liderar e despregar iniciativas clave, como o Plan de transformación da seguridade, e converterse en espazos activos de participación, coordinación e liderado técnico, con reunións periódicas e actividades formativas, cun modelo de goberno estruturado.

Hoxe, as comunidades de práctica son unha peza clave da actividade da compañía: impulsan o desenvolvemento do talento, a excelencia técnica e a mellora continua.

Un modelo de excelencia global en beneficio do cliente

O carácter internacional de Reganosa permite que as nosas comunidades de práctica integren especialistas de ámbitos operativos e regulatorios distintos para achegar experiencias procedentes de ámbitos diversos.

Os nosos estándares nútrense da experiencia real de equipos que operan diariamente infraestruturas enerxéticas en varios países, o que posiciona a Reganosa como empresa global, innovadora e cun modelo de excelencia baseado no coñecemento.

Este ecosistema multicultural xera cohesión técnica por medio da transferencia de coñecementos, estándares e mellores prácticas dende unha perspectiva global, o que achega solucións máis robustas, aplicables e maduras.

AS COMUNIDADES DE PRÁCTICA CONVERTÉRONSE NUN “HUB DE COÑECEMENTO” QUE CAPTA APRENDIZAXES NUN PAÍS, DESPOIS AS VALIDA NA COMUNIDADE A AS DESPREGA NO RESTO DO GRUPO.

4.3 [3-3] [2-23] [2-24]

XESTIÓN DOS RECURSOS NATURAIS*

AVANCE EN 2025

- Participación no Clúster de Cambio Climático.
- Subministración de enerxía certificada 100 % procedente de fontes de enerxía renovables para as instalacións en España.
- Verificación da pegada de carbono, incluído o alcance 3.
- Desenvolvemento de metodoloxía de medición, control e redución de emisións fuxitivas de metano.

OBXECTIVOS PARA 2026

- Desenvolvemento das accións previstas no Plan obxectivo resíduo cero.
- Participación no Clúster de Cambio Climático.
- Redución de emisións fuxitivas de metano e verificación externa da metodoloxía.

SISTEMA DE XESTIÓN DOS RECURSOS NATURAIS

[3-3]

Reganosa desenvolve as súas actividades seguindo metodoloxías e estándares operativos que permitan coidar o medio ambiente, reducir emisións e manter a integridade e diversidade dos ecosistemas.

As compañías do grupo Reganosa certificáronse conforme aos estándares ISO 14.001 e o sistema europeo de Ecoxestión e Ecoauditorías EMAS. O Sistema de Xestión Integrado asegura o cumprimento das políticas internas e todos os requisitos normativos, e a sistematización dos procedementos ambientais.

A compañía establece un sistema de control que inclúe procedementos e estudos periódicos realizados por organismos facultativos e accións formativas entre o persoal.

O desenvolvemento ambiental realízase con transparencia. A compañía estableceu diversas canles de comunicación que permiten dar resposta ás solicitudes de información de todas as partes interesadas no seu funcionamento. Ademais, cada ano Reganosa publica na súa web a Declaración Ambiental, onde se explican os datos de desenvolvemento e se inclúen obxectivos medioambientais específicos.


*Este capítulo inclúe os datos da planta de Mugaros, titularidade de Reganosa.

Consumos

A compañía utiliza recursos; enerxía, auga e materiais auxiliares, para desenvolver as actividades e servizos prestados nas súas instalacións. Anualmente, nas auditorías do Sistema Integrado de Xestión e EMAS, realízase un control do rexistro destes consumos e lévase a cabo unha comparativa cos de anos precedentes para avaliar a tendencia, comprobar a eficiencia dos procesos e fixar os obxectivos e medidas necesarias para os exercicios seguintes.


CONSUMO ENERXÉTICO

[302-1] [302-3] [302-4] [302-5]



GAS NATURAL (GJ)


O consumo de gas natural prodúcese principalmente na planta de Mugaros, en España, no vaporizador de combustión mergullada (SCV) e no combustor.



* O aumento débese ao incremento de operacións de *gassing up* e *cooling down* na planta de Mugaros, así como ao consumo producido durante o cero eléctrico do 28 de abril de 2025.


ELECTRICIDADE (GJ)

A enerxía eléctrica úsase principalmente para o funcionamento dos equipos da terminal de GNL de Mugaros, a iluminación e os sistemas de climatización.



GASÓLEO (GJ)

O gasóleo emprégase principalmente nas bombas contraincendios e os xeradores de emerxencia.




* Non inclúe 4,99 GJ correspondentes ao consumo de gasolina do vehículo híbrido localizado na terminal de Mugaros.

CONSUMO DE MATERIAIS

[301-1] [303-1] [304-2] [301-2]


THT (TETRAHIDROTIOFENO) (t)

O THT é un composto empregado como odorizante na rede de transporte de gas natural por motivos de seguridade. A súa concentración en gasoduto vén determinada por normativa e o seu consumo está ligado á regasificación realizada.




NITRÓXENO (t)

O seu consumo está relacionado cos inertizados de equipos que se realizan antes e despois das tarefas de mantemento, así como coa posta a punto dos brazos ao finalizar as operacións de carga e descarga do GNL dos buques e carga de cisternas.



BISULFITO SÓDICO (t)

Este composto é utilizado na terminal de GNL de Mugar dos para neutralizar o hipoclorito sódico usado dentro do circuíto de auga de mar. Á súa vez, o hipoclorito sódico xérase de xeito continuo nunha planta de electrocloración e serve para evitar o desenvolvemento de microorganismos no interior de canalizacións e equipos.




CONSUMO DE AUGA

[2-4] [303-1] [303-2] [303-3] [303-4] [303-5]

AUGA PARA SERVIZOS NAS INSTALACIÓNS (m³)


O consumo de auga realízase principalmente nos usos industriais e limpeza. Tamén se inclúen os usos sanitarios e auxiliares.



AUGA DE MAR


A terminal de GNL de Mugar dos utiliza auga de mar no seu proceso de regasificación para aumentar a temperatura do GNL e conseguir o seu cambio de fase líquido a gas. O volume empregado devólvese integramente ao medio mariño cunha mínima diminución da súa temperatura. Os parámetros de cloro e temperatura da auga devolta ao mar encóntranse moi por debaixo dos límites establecidos.

Captación de auga de mar (m³)





100 % da auga de mar captada é devolta ao medio

Diminución da temperatura (°C)



Límite máximo -6 °C

Cloro residual (mg/l)



EMISIÓN

[305-1] [305-2] [305-4] [305-5] [3-3]

Intensidade das emisións de GEI: 0,001 tCO₂eq/t

EMISIÓN DE GASES DE EFEITO DE INVERNADOIRO (GEI)

Reganosa realiza a análise e a verificación da pegada de carbono das súas actividades segundo a norma ISO 14064 e desenvolve as verificacións de control atmosférico anuais previstas no Regulamento (UE) 2018/2066.


A verificación específica da pegada de carbono para o ano 2025 realízase nos meses posteriores á emisión deste informe.

As emisións directas de categoría 1 xéranse pola combustión de gas natural de autoconsumo e polo consumo de gasóleo nos motores auxiliares dos equipos das terminais.

As emisións indirectas de GEI de categoría 2 corresponden ás asociadas á enerxía eléctrica importada.

O resto de emisións indirectas corresponden ás categorías 3, 4 e 6, que inclúen viaxes *in itinere*, viaxes de traballo, compras e contratacións, emisións asociadas ao produto, xestión de residuos e outras fontes de emisión non englobadas nas anteriores.

Emisións directas (t CO₂e)



* Dato actualizado respecto ao informado en 2024 debido á revisión de consumos e factores de emisión durante o proceso de verificación.

Emisións indirectas por enerxía eléctrica (t CO₂e)

Ano	2025	2024	2023
Emisións indirectas por enerxía eléctrica (t CO ₂ e)	0*	0	0

*A enerxía eléctrica ten certificado de garantía de orixe renovable.

Outras emisións indirectas (t CO₂e)

Ano	2025	2024	2023
Outras emisións indirectas (t CO ₂ e)	En cálculo	3.623	4.130


EMISIÓN DOUTROS GASES

[305-6] e [305-7]

As emisións de NO_x prodúcense principalmente no vaporizador de combustión somerxida da terminal de Mugaros.

Emisións de substancias que esgotan o ozono (SAO): 0 %

Emisións de NO_x (kg)



* A diminución débese á proposta aprobada pola Xunta de Galicia para minimizar o tempo de funcionamento do SCV, o que evita arranques innecesarios do equipo.

DEREITOS DE EMISIÓN

Reganosa está incluída dentro do Réxime de Comercio de Dereitos de Emisión da Unión Europea.

Durante 2025 as necesidades de compra de dereitos de emisión para a terminal de Mugaros foron de 0 t.

XESTIÓN DE RESIDUOS

[306-1] [306-2] [306-3] [306-4] [306-5]

Os residuos xerados pola actividade da compañía son moi limitados, e débense principalmente aos labores de mantemento e limpeza das instalacións e equipos. A compañía destina a reciclaxe e reutilización os residuos que xera cando iso é posible.

RESIDUOS TOTAIS XERADOS (t)

	2025	2024	2023
Perigosos	3,31	6,12	5,59
Non perigosos	73,91*	8,86	14,67

*O aumento débese principalmente a unha iniciativa para a execución dunha limpeza e a orde exhaustiva do almacén.

DESTINO FINAL DOS RESIDUOS (t)

	2025	2024	2023
Reciclaxe	76,42	13,10	15,42
Vertedoiro	0,80	1,89	4,84



Iniciativas colaboradoras para mellorar o noso desenvolvemento ambiental

[3-3]

CONVENIO EN MATERIA DE BOAS PRÁCTICAS AMBIENTAIS, SUBSCRITO ENTRE A APFSC E REGANOSA

[2-29]

No 2025 asinouse unha actualización deste convenio no que Reganosa se compromete a cumprir o establecido na Guía de boas prácticas ambientais aprobada por Puertos del Estado, e a implantar sistemas de mellora continua no control das operacións e tarefas de mantemento.

Como medida de verificación, realízase un seguimento e revisión anual no que se esixe á compañía, entre outros requisitos, manter a certificación do seu sistema de xestión ambiental segundo a norma internacional ISO 14.001 e o Regulamento EMAS e desenvolver o seu compromiso de mellora continua a través da execución de investimentos ambientais.

ESTUDO DE “SEGUIMIENTO PERIÓDICO DA EVOLUCIÓN DAS COMUNIDADES BENTÓNICAS INFRALITORAIS DA ENSEADA DE SANTA LUCÍA” DESENVOLVIDO POLA ESTACIÓN DE BIOLOXÍA MARIÑA DA GRAÑA, DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[304-2]

Reganosa, no seu compromiso coa protección do medio ambiente, leva a cabo dende o ano 2006 un estudo voluntario e con frecuencia bimestral dirixido a monitorizar a composición e estrutura das comunidades bentónicas infralitorais da enseada de Santa Lucía. Este seguimento continuo, que xa conta con dúas décadas de datos, demostra o compromiso a longo prazo da empresa coa sostibilidade ambiental.

As análises realizadas polo persoal técnico e investigador da Estación de Biología Mariña de A Graña permiten realizar un control detallado da evolución destas comunidades, avaliar o substrato, a cantidade de materia orgánica depositada e a influencia do hidrodinamismo da vertedura de auga de mar que realiza no seu proceso industrial Reganosa nos procesos de sedimentación. O estudo máis recente, completado en decembro de 2025, mantén a consistencia dos resultados dos 20 anos anteriores.

Os resultados científicos demostran que a vertedura de auga de mar de Reganosa non xera impacto negativo na composición nin na estrutura das comunidades bentónicas próximas á terminal. A comparación con datos históricos do estado dos ecosistemas, anteriores á presenza de Reganosa, acreditou a ausencia total de impacto da terminal no ecosistema mariño local.

Este estudo cumpre cos estándares ambientais máis esixentes e tamén contribúe significativamente ao coñecemento científico sobre as comunidades bentónicas da rexión, xa que considera a fauna bentónica da zona como fauna propia de fondos pouco contaminados e cualifica o estado ecolóxico como de moi bo.

CLÚSTER DE CAMBIO CLIMÁTICO

[11.2.4]

Reganosa forma parte do Clúster de cambio climático promovido por Forética, onde participa coas principais empresas españolas para compartir estratexias e participar en iniciativas que permitan trasladar ao contexto español as principais tendencias e prácticas en materia de loita contra o cambio climático.



4.4

[3-3]


XESTIÓN DO CAPITAL HUMANO

Reganosa impulsa un ámbito de traballo coherente cos seus valores corporativos, baseado na integridade, a excelencia, o respecto, o compromiso e a colaboración como piares da súa cultura organizativa.

Neste marco, a compañía conta actualmente cun equipo diverso, integrado por profesionais de 16 nacionalidades distintas, que enriquece a organización e reforza o seu enfoque global.

PROFESIONAIS POR PAÍS

[2-7]



Desagreganse por país aqueles profesionais que pertencen a sociedades constituídas neses países. O persoal expatriado contabilízase en España por estar dado de alta nunha sociedade española.

NÚMERO DE PROFESIONAIS POR GRUPO DE IDADE

Desagregación de persoal

[2-7] [405-1]

	<30 anos		30-50 anos		>50 anos	
	M	H	M	H	M	H
Operadores e administrativos (n.º)	8	10	7	34	0	10
Técnicos (n.º)	7	13	9	29	3	10
Responsables e directivos (n.º)	0	0	7	33	0	5
Operadores e administrativos (%)	4,32 %	5,41 %	3,78 %	18,38 %	0,00 %	5,41 %
Técnicos (%)	3,78 %	7,03 %	4,86 %	15,68 %	1,62 %	5,41 %
Responsables e directivos (%)	0,00 %	0,00 %	3,78 %	17,84 %	0,00 %	2,70 %

NÚMERO DE PROFESIONAIS POR TIPOLOXÍA DE CONTRATO LABORAL*

Tipos de contratos laborais

[2-7]

	2025	
	M	H
Empregados con contrato indefinido (n.º)	36	136
Empregados con contrato indefinido (%)	19,46	73,51
Empregados con contrato temporal (n.º)	5	8
Empregados con contrato temporal (%)	2,70	4,32
Empregados a xornada completa (n.º)	40	144
Empregados a xornada completa (%)	21,62	77,84
Empregados a xornada parcial (n.º)	1	0
Empregados a xornada parcial (%)	0,54	0,00

*A compañía non conta con persoal con horas non garantidas.

NÚMERO DE CONTRATOS LABORAIS POR PAÍSES

Profesionais por tipoloxía de contrato laboral

[2-7]

	2025	
	M	H
Empregados con contrato temporal (%). España		
Empregados con contrato indefinido (n.º). España	32	88
Empregados con contrato indefinido (n.º). Malta	2	26
Empregados con contrato indefinido (n.º). Alemaña	2	22
Empregados con contrato temporal (%). España	5	8
Empregados con contrato temporal (%). Malta	0	0
Empregados con contrato temporal (%). Alemaña	0	0

TAXAS DE ROTACIÓN

Rotación de persoal (%)

[401-1]

España	Malta	Alemaña	Italia	TOTAL
13	8	36	n/a	15

Finalización de contrato de O&M en Italia en 2025.

Novas contratacións (n.º)

[401-1]

	<30 anos		30-50 anos		>50 anos	
	M	H	M	H	M	H
	España	3	4	0	8	0
Malta	0	2	0	5	0	0
Alemaña	1	7	0	4	0	0
Italia	0	1	0	0	0	0
TOTAL	4	14	0	17	0	0

PRESTACIÓNS SOCIAIS

[401-2]

Reganosa pon á disposición do seu equipo un paquete de beneficios sociais que inclúe seguro médico —tanto persoal nacional como expatriado— e seguro de vida. Así mesmo, a compañía promove a conciliación e a corresponsabilidade; para iso, facilita o gozo das baixas por maternidade e paternidade, e adapta, cando for preciso, as condicións de traballo mediante axustes organizativos ou reducións de xornada.

Nesta mesma liña, o persoal de administración desenvolve a súa actividade en réxime de xornada continua, complementado con medidas de flexibilidade, co obxectivo de favorecer un equilibrio sostible entre a vida profesional e persoal.

FORMACIÓN E DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL

[404-1] [404-2]

Os plans de formación e desenvolvemento constitúen un pilar clave da estratexia de xestión do talento de Reganosa: están orientados a garantir un alto nivel de cualificación profesional, a actualización continua de coñecementos e a adquisición de competencias que permitan afrontar con solvencia os retos asociados a cada posto.

Este enfoque actívase dende a incorporación de perfís júnior mediante programas de formación interna e externa de carácter presencial, que proporcionan unha visión global do negocio e facilitan a consolidación progresiva do seu coñecemento. Así mesmo, promóvese a rotación de novos profesionais por distintos proxectos da compañía para favorecer a aprendizaxe transversal, mentres que o conxunto do persoal recibe formación específica e continua para seguir impulsando o seu desenvolvemento profesional.



Formación e desenvolvemento

[401-1]

	<30 anos		30-50 anos		>50 anos	
	M	H	M	H	M	H
Operadores e administrativos (h)	29,40	74,10	19,10	25,70	28,00	26,90
Técnicos (h)	30,90	27,00	8,20	36,50	13,60	20,90
Responsables e directivos (h)	0,00	0,00	15,80	20,60	0,00	5,20

De forma complementaria, os profesionais de Reganosa participan en programas de especialización e dispoñen de acceso a estudos de posgrao e programas de mestrado; deste xeito, refórzase o seu desenvolvemento profesional e a súa capacidade para operar en ámbitos cada vez máis complexos e internacionais.

PROFESIONAIS QUE RECIBIRON AVALIACIÓNS DO DESEMPEÑO

[404-2] [404-3]

	M	H
Operadores e administrativos (n.º)	15	54
Técnicos (n.º)	19	52
Responsables e directivos (n.º)	7	38
TOTAIS sobre os 185 empregados (n.º)	41	144

A xestión por competencias constitúe o eixe vertebrador dos principais procesos de xestión de persoas en Reganosa, xa que permite un aliñamento efectivo entre as capacidades dos profesionais e os requirimentos de cada posto. Este sistema facilita a identificación de perfís adecuados nos procesos de selección, orienta o desenvolvemento das carreiras profesionais, sustenta un modelo retributivo equitativo e eficaz, e permite detectar necesidades formativas orientadas á mellora continua de competencias clave.

O modelo artículase a través dun sistema de avaliación de 360 graos, que incorpora a visión do conxunto do ámbito profesional e contribúe a mellorar o desempeño individual e as dinámicas de traballo colaborador.

Así mesmo, a xestión por competencias impulsa a promoción profesional baseada no mérito e as capacidades para garantir a igualdade de oportunidades no desenvolvemento profesional, ademais de eliminar calquera forma de discriminación por razón de sexo, idade, relixión ou outros criterios alleos ao desempeño.

PACTO LABORAL

[2-30]

A terminal de Mugaros estruturou historicamente as súas relacións laborais a través de sucesivos pactos de empresa, ademais, mantén unha canle permanente de comunicación e negociación colectiva coa representación legal das persoas traballadoras, como marco de diálogo social continuo.

IGUALDADE DE OPORTUNIDADES

[202-1]

O respecto á diversidade e a prevención de calquera forma de discriminación nos procesos de selección, promoción e desenvolvemento profesional están recollidos e regulados no Código ético e de conduta da compañía.

Estes principios esténdense ao modelo retributivo, que se articula sobre criterios obxectivos baseados no mérito, o desempeño e o nivel de responsabilidade dentro da organización. A retribución variable vincúlase, así mesmo, ao cumprimento de obxectivos individuais e corporativos para reforzar a aliñación entre resultados e recoñecemento.

Neste contexto, a retribución media dos profesionais de Reganosa sitúase por enriba do dobre do salario mínimo, ademais, estrutúrase mediante bandas salariais que garanten a equidade interna e a competitividade externa para fomentar a atracción e a retención do talento.

	M	H
Cociente do salario de categoría inicial fronte ao salario mínimo en España	2,22	2,97
Cociente do salario de categoría inicial fronte ao salario mínimo en Malta	2,76	3,08
Cociente do salario de categoría inicial fronte ao salario mínimo en Alemaña	1,86	2,07
Ratio do salario de categoría inicial fronte ao salario mínimo en Italia*	n/a	n/a

Incorpórase a media de todas as categorías profesionais.

* Finalización de contrato de O&M en Italia en 2025.

SISTEMA DE AVALIACIÓN POR COMPETENCIAS

[404-3]

O sistema de xestión por competencias é unha ferramenta eficaz que permite guiar as carreiras profesionais e detecta necesidades de formación en competencias e habilidades clave para cada posto de traballo e perfil.

100%

do persoal recibiu avaliacións do desenvolvemento en 2025.



4.5

[3-3]

ORIENTACIÓN AO CLIENTE

Reganosa mantén unha carteira de clientes diversificada en cada liña de negocio. Asegurar a súa satisfacción é unha prioridade establecida na Política de Calidade que orienta as accións estratéxicas da compañía.

A compañía axusta os seus servizos ás necesidades de cada cliente, e centra os esforzos na excelencia operativa e na mellora continua dos seus procesos. Reganosa conta coa certificación ISO 9.001, que acredita a implantación continua dos sistemas e recursos necesarios para verificar e mellorar o rendemento e a eficiencia de todas as súas actividades. Ademais, obtivo a acreditación ISO 17.025 que verifica a adopción dos máximos estándares e requisitos de calidade dos laboratorios de ensaio e de calibración.

INFRAESTRUTURAS REGULADAS

SERVIZOS COMERCIAIS

Co fin de coñecer a opinión e necesidades dos clientes sobre as operacións e servizos prestados, Reganosa realiza de xeito periódico enquisas de satisfacción. A partir das respostas, identifícanse aspectos de mellora e contrástanse expectativas, o que permite adoptar novas medidas e deseñar as accións que ofrezan un servizo cada vez máis satisfactorio.

CONTRATACIÓN DE ACCESO

Reganosa publica información clara e detallada sobre os servizos que ofrece a través da súa web, especificando todas as cuestións técnicas necesarias. Os procedementos de contratación de capacidade realízanse de forma simplificada e áxil a través dunha plataforma telemática única en España, xestionada polo Xestor Técnico do Sistema.

PRESTACIÓN DE SERVIZOS

En 2025 o negocio de prestación de servizos contou con clientes distribuídos en 5 continentes. Os clientes manteñen unha comunicación constante cos xestores do proxecto, a quen trasladan en caso necesario as reclamacións sobre o servizo.

Cando se recibe unha queixa ou reclamación, ábrese un proceso de calidade e se procede, propóñense accións correctivas para dar resposta ás necesidades do cliente.



MODELO DE RELACIÓN

EXCELENCIA
OPERATIVA

PERSONALIZACIÓN
A TRAVÉS DE
FERRAMENTAS
DIXITAIS E
OPERATIVAS
PROPIAS

FLEXIBILIDADE

4.6

[3-3] [308-1] [414-1]

CADEA DE SUBMINISTRACIÓN

HOMOLOGACIÓN

Reganosa dispón dun procedemento de homologación de provedores que permite verificar o seu desenvolvemento en materia laboral, ambiental, técnica, de calidade e seguridade, e nos aspectos de responsabilidade social corporativa, de forma que se valore a súa idoneidade para participar nos procedementos de licitación.

O proceso de valoración realízase a través dunha base de datos especializada, que analiza as seguintes características dos provedores:

- Disposición de sistemas de xestión de calidade, seguridade e medio.
- Cumprimento de requisitos legais.
- Capacidades técnicas e credenciais.
- Respecto aos principios do Pacto Mundial de Nacións Unidas e á Declaración Universal de Dereitos Humanos.

Control da cadea de subministración

Reganosa inclúe nas súas Condicións Xerais de Contratación a obriga de todos os provedores de respectar os principios contidos no Código Ético e de Conduta de Reganosa e no Pacto Mundial das Nacións Unidas. Todos os provedores reciben o Código Ético a través das Condicións xerais de contratación, onde se indica a fonte para a súa consulta. [205-1]

AVALIACIÓN

Unha vez adxudicadas as licitacións, Reganosa realiza avaliacións periódicas a través dos acordos de nivel de servizo nas que se miden factores como a calidade do servizo e o nivel de excelencia. En caso de detectar algunha incidencia propóñense accións correctivas e asígnase un responsable para asegurar que as medidas propostas son implantadas.

As Condicións Xerais de Contratación e as cláusulas de cumprimento e respecto dos principios do Pacto das Nacións Unidas son públicas e pódense descargar a través da web de Reganosa (www.reganosa.com).

Así mesmo, ponse á disposición dos provedores un teléfono e un correo para contactar coa compañía en relación a cuestións relacionadas con pedidos ou contratos.

SELECCIÓN

As adxudicacións realízanse a aqueles provedores con mellor cualificación técnica e económica. Nas valoracións técnicas tense en conta a dispoñibilidade de sistemas de xestión ambiental.

Tipoloxía de provedores en 2025

[204-1]

	2025	2024	2023		2025	2024	2023
Materiais	28,04 %	33,20 %	32,10 %	Local	22,09 %	20,80 %	22,59 %
Servizos	71,96 %	66,80 %	67,90 %	Nacional	23,15 %	24,67 %	26,99 %
				Internacional	54,76 %	54,53 %	50,43 %

Homologación de provedores

[414-1]

	2025	2024	2023
Novos provedores homologados	18	18	6
Con certificación ISO 14.001 (%)	75,15 %	71,64 %	78,13 %
Con certificación UNE 9.001 (%)	86,67 %	87,31 %	85,94 %



4.7

[3-3] [2-23] [2-24] [2-29]

RELACIONOS COS NOSOS GRUPOS DE INTERESE

AVANCE EN 2025

- Desenvolvemento do Plan de acción comunicacional con grupos de interese.
- Reportar o desenvolvemento da compañía durante o exercicio mediante a elaboración do Informe Anual 2025.
- Mantemento do Programa de visitas ás instalacións da terminal de Mugaros en versión dixital ou presencial.
- Participación activa en xornadas, seminarios e conferencias do sector.

OBXECTIVOS PARA 2026

- Desenvolvemento do Plan de acción comunicacional con grupos de interese.
- Reportar o desenvolvemento da compañía durante o exercicio mediante a elaboración do Informe Anual 2026.
- Mantemento do Programa de visitas ás instalacións da terminal de Mugaros en versión dixital ou presencial.
- Participación activa en xornadas, seminarios e conferencias do sector.

Reganosa ten a firme convicción de que un dos maiores valores que lles pode achegar aos seus grupos de interese é escoitalos e proporcionarlles a información que desexen coñecer, e, para iso, establece canles que permitan unha comunicación doada, transparente e honesta. A aspiración da compañía é entender as necesidades e expectativas dos grupos de interese, e dende este coñecemento, desenvolver unha estratexia operativa e sostible que permita dar resposta a todos os intereses dos grupos,

persoas e entidades cos que se relaciona. Identificar as opinións e preferencias dos grupos de interese é ademais unha valiosa ferramenta de avaliación, que fai posible un procedemento de mellora continua. A compañía identifica de xeito constante a estes grupos, analiza as cuestións relevantes para eles, establece un procedemento de comunicación continuo e leva a cabo un seguimento periódico para poder responder adecuadamente ás súas demandas.



Relación cos grupos de interese

[2-15] [2-16] [2-17] [2-29]

Os procesos de comunicación cos grupos de interese realízanse mediante canles específicas, adaptadas ás súas características e necesidades. A través deles, trátanse todos os aspectos relevantes, dialógase e realízanse propostas.

GRUPO DE INTERESE	MECANISMOS DE RELACIÓN
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E AUTORIDADES REGULADORAS	<ul style="list-style-type: none"> Reunións periódicas. Seminarios e conferencias sectoriais. Información remitida para dar cumprimento ás obrigas legais.
CLIENTES	<ul style="list-style-type: none"> Enquisas de calidade. Reunións periódicas para dar resposta a todos os seus intereses e necesidades. Web corporativa. Seguimento continuo da actividade de prestación de servizos a través dos xestores do proxecto. Seminarios e conferencias sectoriais.
EMPREGADOS	<ul style="list-style-type: none"> Reunións periódicas e por solicitude dos traballadores que integran o Comité de Empresa. Intranet. Plataforma de xestión de recursos humanos. Campañas de comunicación na empresa. Redes sociais. Canle de Comunicación.
COMUNIDADES LOCAIS	<ul style="list-style-type: none"> Reganosa mantén unha política de portas abertas. Durante todo o ano realízanse visitas guiadas á terminal e reunións informativas con asociacións ou colectivos da comunidade para tratar e avaliar as súas preocupacións e necesidades particulares. Calquera persoa pode visitar as nosas instalacións enviando unha solicitude a http://www.reganosa.com/es/antes-de-visitarnos. Redes sociais. Web corporativa. Noticias de prensa. Canle de Comunicación.

GRUPO DE INTERESE	MECANISMOS DE RELACIÓN
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E AUTORIDADES REGULADORAS	Os accionistas participan activamente na xestión da compañía a través dos órganos de goberno e nas reunións periódicas.
PROVEDORES	<ul style="list-style-type: none"> Plataforma de contratación. Seguimento constante cos xestores de proxecto. Web corporativa.
MEDIOS DE COMUNICACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> Reganosa mantén unha relación de confianza e transparencia cos medios de comunicación aos que ofrece interlocución en todo momento. A Dirección de Reganosa celebra entrevistas con representantes destes medios aos que ofrece información sobre o desenvolvemento da empresa. Redes sociais. Web corporativa.
ASOCIACIÓNS SECTORIAIS	<ul style="list-style-type: none"> Reunións periódicas. Grupos de traballo. Xornadas, foros e conferencias. Enquisas e participación en trámites de consulta pública.
ENTIDADES FINANCEIRAS	<ul style="list-style-type: none"> Envío regular de información. Reunións periódicas. Xornadas, foros e conferencias. Información financeira publicada.

Participación en asociacións sectoriais

[2-17] [2-29]

Reganosa participa en diferentes asociacións, foros de debate e grupos de traballo. Esta actividade permítenos reforzar a interlocución e colaboración institucional con outras compañías, as Administracións públicas e os organismos reguladores, así como anticipar tendencias normativas e contribuír ao desenvolvemento de estándares comúns en materia enerxética e ambiental.

Durante o ano 2025 estivemos presentes en:



SEDIGAS

Socios e membros do Consello Directivo

Participación en 2 grupos de traballo e 1 comité:

- GT Infraestruturas de H2
- GT Regulación H2
- Comité do Gas Renovable



GASNAM

Socios protectores e membros da xunta directiva

Participación en 4 grupos de traballo e 1 comité:

- GT Biometano
- GT Hidróxeno
- GT Marítimo
- GT Terrestre
- Comisión Normativa



GIE (Gas Infrastructure Europe)

Socios

Participación en sesións sobre:

- Infraestruturas de hidróxeno
- Uso, captura e almacenamento de carbono
- Garantías de orixe de gases renovables



AeH2 (Asociación Española do Hidróxeno)

Socios institucionais

- Seguimento e análise das novidades regulatorias en materia de H2 renovable.



AGH2

(Gasnam Asociación Galega do Hidróxeno)

Socios e vogais da xunta directiva

- Seguimento e análise das novidades regulatorias en materia de H2 renovable.



A3E (Asociación de Empresas de Eficiencia Enerxética)

Asociados

Seguimento e análise das novidades regulatorias en materia de eficiencia enerxética e sostibilidade.

4.8

[3-3] [2-23] [2-24] [2-29] [203-2] [413-1]

XERACIÓN DE RIQUEZA E ACTIVIDADE

Reganosa, a través do desenvolvemento da súa actividade, xera crecemento económico e social, creando valor para os seus grupos de interese mediante a transformación de recursos materiais, financeiros e sociais.

INVESTIMENTO SOCIAL TOTAL (M€)

2025	2024	2023
215.861	5.378.444*	210.143

*Inclúese o efecto asociado ao acordo acadado co Concello de Mugaros para a regularización do imposto de actividades económicas.

VALOR DISTRIBUÍDO A EMPREGADOS (M€)

2025	2024	2023
11,21	11,28	10,44

VALOR DISTRIBUÍDO A PROVEDORES DE CAPITAL (M€)

2025	2024	2023
3,27	0,14	10,29

VALOR DISTRIBUÍDO Á SOCIEDADE VÍA IMPOSTO (M€)

2025	2024	2023
13,39	16,06	15,98

VALOR DISTRIBUÍDO A PROVEDORES (M€)

2025	2024	2023
33,30	30,68	34,90

CONTRIBUCIÓN ECONÓMICA INDIRECTA DA NOSA ACTIVIDADE

[3-3] [203-2]

A actividade de Reganosa xera importantes impactos indirectos:

Favorece a eficiencia produtiva das industrias

O cambio de combustible nos procesos propiciou unha mellora da competitividade das empresas en termos de aforro en custos, ademais dunha considerable redución das emisións de CO₂.

Os proxectos de enerxía renovable e economía circular permiten reducir as emisións, dotar as empresas de enerxía competitiva e reutilizar residuos.

Incrementa os tráfico portuarios

A actividade de Reganosa aumenta o tráfico marítimo dos portos onde se sitúa e con iso a contratación de bens e servizos.

Reforza a actividade doutros sectores

A contratación de provedores, os proxectos e a actividade de Reganosa xeran emprego indirecto.



4.9

[3-3] [201-1]

XESTIÓN DO CAPITAL FINANCEIRO

En 2025 o ebitda acadou a cifra de 21,5 millóns de euros e o beneficio neto ascendeu a 9,2 millóns de euros. A débeda neta é positiva no exercicio 2025, o que sitúa a compañía nunha posición de solvencia

para asumir as accións previstas no Plan Estratégico. En liña con exercicios anteriores, maximizáronse os esforzos en eficiencia a través dun plan de control de custos e optimización dos procesos operativos.

INGRESOS TOTAIS (M€)

2025	2024	2023
56,3	60,8	66,5

EBITDA (M€)

2025	2024	2023
21,5	22,1	28,8

BENEFICIO NETO (M€)

2025	2024	2023
9,2	12,6	12,4

Para os efectos comparativos, exclúense os impactos extraordinarios derivados de operacións corporativas en 2023.

21,5 M€
Ebitda

56,3 M€
INGRESOS TOTAIS

9,2 M€
BENEFICIO NETO

4.10

[3-3] [2-23] [2-24] [2-29] [203-2] [413-1]

COMPROMISO SOCIAL

AVANCE EN 2025

- Mantemento do Programa de patrocinios.
- Mantemento do Programa de bolsas e prácticas formativas.
- Cooperación con Universidades e centros educativos en programas formativos e de investigación.

OBXECTIVOS PARA 2026

- Mantemento do Programa de patrocinios.
- Mantemento do Programa de bolsas e prácticas formativas.
- Cooperación con Universidades e centros educativos en programas formativos e de investigación.

APOIO AO COÑECEMENTO

A compañía colabora con distintas universidades, escolas de negocios e centros de estudo en Galicia. Deste xeito, contribúe ao desenvolvemento da investigación, á xeración de coñecemento técnico e á formación de estudantes.

Programas de formación con universidades e centros educativos

Reganosa mantén unha colaboración continua con centros educativos e universidades galegas. Os directivos e profesionais da compañía imparten clases en distintos mestrados universitarios, graos de enxeñaría, escolas de formación profesional, no Instituto Matemático de Tecnoloxía Industrial (ITMATI) e en varios institutos de ensino secundario.

Programas de bolsas e prácticas

Para atraer o talento e fomentar a formación e inserción laboral dos mozos, Reganosa desenvolve un programa anual que permite a alumnos universitarios e de formación profesional gozar de prácticas e bolsas na compañía.

ACCIÓNS CULTURAIS E DEPORTIVAS

Patrocinios

Reganosa apoia e patrocina actividades sociais e iniciativas solidarias con tres obxectivos fundamentais: acción social, fomento do deporte e hábitos saudables, e promoción artística e cultural. A selección dos proxectos nos que se colabora realízase mediante a identificación das necesidades da contorna, de forma proactiva ou a través da recepción de peticións dos axentes interesados. O Comité de Acción Social encárgase de valorar as iniciativas e aprobar aquelas colaboracións que se axustan aos principios e cultura da compañía, e son susceptibles de xerar valor e impactos positivos na comunidade. No ano 2025, Reganosa dedicou 199.000 euros en forma de doazóns e patrocinios. As entidades beneficiadas por estas contribucións no programa de fomento do deporte e hábitos saudables contan con máis de 1.085.000 socios e beneficiarios.



Principais actividades e asociacións patrocinadas por Reganosa en 2025

- Baxi Ferrol de baloncesto.
- Club do mar de Mugar dos.
- Cociña económica de Ferrol.
- Confrarías de pescadores da contorna.
- Exponav.
- O Parrulo Ferrol FS.
- Racing de Ferrol Club de fútbol.
- S. D. G. Galicia de Mugar dos.



05

TRANSFORMACIÓN DIXITAL E INNOVACIÓN

Durante 2025 continuamos coa nosa folla de ruta para reforzar os procesos corporativos de soporte, co obxectivo de impulsar a produtividade e a toma de decisións baseada en datos en toda a organización. Neste contexto, avanzaouse na automatización dos principais indicadores de xestión, especialmente no ámbito da sostibilidade, así como no proceso de elaboración de previsións económico-financeiras. Ademais, modernizouse o sistema de captura e explotación de datos operativos das nosas instalacións.

Sobre esta base, para 2026 está previsto seguir afondando nesta transformación dixital mediante a evolución das nosas plataformas corporativas de xestión empresarial e das ferramentas de soporte para a xestión de persoas. Tamén continuaremos implementando novas capacidades de automatización sobre os indicadores de xestión. A nosa prioridade é seguir impulsando a eficiencia, a fiabilidade da información e o control de riscos para contribuír a unha toma de decisións máis precisa, áxil e eficiente.

TRANSFORMACIÓN DIXITAL E INNOVACIÓN

[3-3] [2-24]

AVANCE EN 2025

- Produción dunha ferramenta automatizada de compra de enerxía no mercado diario de electricidade, sobre a base de algoritmos de predición de consumo.
- Proxecto piloto para xestionar o consumo de enerxía eléctrica en tempo real.

OBXECTIVOS PARA 2026

- Evolución e optimización dos algoritmos de compra de enerxía no mercado diario, así como das ferramentas de cálculo de instrumentos de cobertura.
- Mellora dos procesos de decisión e xustificación de aforros no sistema CAE.
- Integración de funcionalidades de IA xenerativa en OIIO.
- Continuar coa mellora das nosas ferramentas e servizos dixitais.

FINALIZACIÓN DOS PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN ZEPPELIN E TORRES DE QUEVEDO

[203-2]


O proxecto financiado polo Programa Torres Quevedo da Axencia Estatal de Investigación concluíu no ano 2025. O obxectivo principal deste proxecto foi investigar métodos e modelos matemáticos que permitisen optimizar a toma de decisións en sistemas enerxéticos intelixentes. Adicionalmente, o proxecto perseguíu os seguintes propósitos: formar persoal experto capaz de propoñer solucións innovadoras a problemas industriais, contribuír ao campo da investigación operativa aplicada ao sector enerxético e implementar os métodos desenvolvidos dentro dun soporte lóxico.

Alcanzáronse os obxectivos propostos ata a data, en relación cos problemas de optimización de tarifa e potencia, optimización do peche de coberturas eléctricas e compra a mercado eléctrico. Os resultados preliminares presentáronse na comunicación oral “Case study: Intelligent Energy: Machine Learning and Optimization for an efficient electricity supply” no congreso Gurobi Summit EMEAI 2024 -The Decision Intelligence Summit.

Á súa vez, en 2025 finalizou a investigación no marco d proxecto ZEPPELIN, desenvolvido nun consorcio,

cuxo obxectivo xeral consistiu en investigar un conxunto flexible de tecnoloxías de produción e almacenamento de hidróxeno verde baseadas no aproveitamento de residuos e subprodutos, buscando mellorar de forma significativa os custos e a eficiencia da produción deste vector enerxético. Deste xeito, o proxecto abordou os diferentes retos tecnolóxicos vinculados ao reformado do biogás e bioetanol, a fermentación escura (FO), a electrólise microbiana (EM), a gasificación e o almacenamento de H₂. Seguindo esta liña, establecéronse novos modelos de obtención de H₂ verde complementarios á electrólise con enerxías renovables, que están integrados nun modelo enerxético descarbonizado baixo os principios da economía circular e a dixitalización, nun escenario de estrés hídrico agravado por fenómenos derivados do cambio climático.

En 2025, Reganosa finalizou a análise técnica e a avaliación económica do almacenamento de H₂ nos materiais porosos deseñados no marco do proxecto, en concreto, estruturas internas de materiais porosos mediante técnicas de emulsión tales como a “emulsión de fase interna alta” (high internal phase emulsion, HIPE). Así mesmo, finalizou o desenvolvemento dunha ferramenta dixital que permite realizar simulacións e optimizacións das distintas tecnoloxías investigadas no resto das actividades.



06

GOBERNO CORPORATIVO

6.1 ESTRUCTURA SOCIETARIA

6.2 ESTRUCTURA ORGÁNICA

6.3 BO GOBERNO DA COMPAÑÍA



6.1

[2-1] [2-2]

ESTRUTURA SOCIETARIA

A estrutura societaria e composición accionarial de Reganosa é un importante activo, pola súa diversidade, solidez e coñecemento do sector.

SOCIEDADES	PAÍS	PARTICIPACIÓN DO GRUPO REGANOSA
Reganosa Holdco, S.A.	España	Matriz
INFRAESTRUTURAS		
Regasificadora del Noroeste, S.A.	España	100,00 %
Musel Energy Hub, S.L.	España	25,00 %
Mibgas, S.A.	España	3,90 %
Mibgas Derivatives, S.A.	España	1,76 %
Reganosa Asset Investments, S.L.	España	100,00 %
Canerde, S.L.	España	20,00 %
H2Pole, S.L.	España	100,00 %
Saltos del Cinca*	España	99,88 %
SERVIZOS		
Reganosa Servicios, S.L.	España	100,00 %
Reganosa Ghana Ltd.	Ghana	100,00 %
Reganosa Italia S.R.L.	Italia	100,00 %
Reganosa Malta Ltd.	Malta	100,00 %
Reganosa Deutschland, GmbH.	Alemaña	100,00 %
Reganosa Australia Pty Ltd.	Australia	100,00 %
Centro de Innovación e Investigación Matemática TOP S. L. U.	España	100,00 %

*O acordo de adquisición de Saltos del Cinca formalizouse durante 2025 e a operación completouse en xaneiro de 2026.

OS NÓSOS SOCIOS

GRUPO GADISA 59,65 %

XUNTA DE GALICIA 28,59 %

SONATRACH 11,76 %



6.2 [2-9] [202-2]

ESTRUTURA ORGÁNICA

Os órganos de goberno de Reganosa son a Xunta Xeral de Accionistas e o Consello de Administración. A súa actuación baséase nos principios de independencia, especialización e transparencia. O 100 % do equipo directivo é de Galicia.

XUNTA XERAL DE ACCIONISTAS

[2-10] [2-14] [207-2]

A Xunta Xeral de Accionistas é o máximo órgano de goberno. Tal e como dispoñen os Estatutos Sociais, a vontade dos accionistas expresada na Xunta Xeral rexe a vida da sociedade, conforme á Lei e aos propios Estatutos.

A Xunta reúne necesariamente dentro do primeiro semestre do exercicio social para avaliar a xestión da sociedade, aprobar as contas anuais e decidir sobre a aplicación do resultado.

Reganosa facilítalles aos seus accionistas o exercicio do dereito de información, a asistencia e a participación na Xunta Xeral, e pon á súa disposición a información adecuada para o exercicio dos seus dereitos de voto, de acordo coa Lei e os Estatutos.

CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN

[2-10] [2-12] [2-13] [2-15] [2-16] [2-18]

O Consello de Administración é o órgano que toma as principais decisións sobre a xestión da compañía, agás aquelas legal ou estatutariamente reservadas á Xunta Xeral de Accionistas. É o núcleo esencial da xestión e supervisión, encargándose da aprobación das políticas e estratexias xerais da sociedade, e en particular, do Plan Estratéxico, o Plan de Negocio e o modelo de xestión. A súa composición e funcionamento están regulados polos Estatutos Sociais.

Infórmase periodicamente ao Consello de Administración sobre todos os procedementos, plans e propostas que lle formula a Dirección, e que se someten á súa deliberación e, se é o caso, acordo para unha axeitada xestión e control de riscos.

O Consello está integrado por 15 membros. Os conselleiros están obrigados a dedicar á súa función o tempo e esforzo necesarios para desenvolver o cargo con dilixencia e eficacia, adoptando as medidas precisas para a boa dirección e control da sociedade.

O Consello de Administración reúne coa frecuencia necesaria para o correcto desenvolvemento das súas funcións de administración e supervisión e, en todo caso, unha vez ao trimestre. Durante 2025 reuniuse un total de 5 veces.

Igualmente, os conselleiros desenvolven o cargo con lealdade, evitando situacións de conflito de interese, e desempeñando o seu cargo con fidelidade ao Código Ético e de Conduta, cuxos principios e valores foron promovidos e desenvolvidos polo Consello de Administración.

COMITÉ EXECUTIVO

[2-9]

O Comité Executivo é un órgano deliberativo sen facultades delegadas do Consello de Administración, que desempeña funcións informativas e de seguimento, así como preparatorias para a toma de decisións do Consello. Para o exercicio das súas funcións, o Comité Executivo conta cun órgano asesor. Os membros do Comité Executivo e o seu órgano asesor desempeñan os seus cargos conforme os principios e valores do Código ético e de conduta de Reganosa.

COMISIÓN DE NOMEAMENTOS E RETRIBUCIÓN

[2-19] [2-20]

A Comisión de Nomeamentos e Retribucións encárgase de propoñer e aprobar cando proceda as políticas retributivas da compañía.

COMITÉ DE AUDITORÍA E CUMPRIMENTO

[2-13] [2-16] [2-24]

É un órgano independente que supervisa o cumprimento e a eficacia do modelo de ética e de prevención de riscos da compañía para garantir que se cumpre coa legalidade vixente.

As súas principais funcións son as seguintes:

- Fomentar o cumprimento na organización dos valores e principios que se establecen no Código Ético e de Conduta, e asesorar o Consello de Administración na adopción de políticas que promovan o comportamento ético na compañía.
- Asesorar e prestar asistencia especializada ao Consello de Administración en todo aquilo que teña relación coa auditoría externa, os sistemas de control interno e a elaboración de información financeira e da sociedade, e a súa comunicación a terceiros.
- Realizar un seguimento de todas as medidas, políticas e procedementos adoptados na compañía para a prevención de riscos.
- Promover unha cultura preventiva no ámbito da comisión de actos ilícitos e situacións de fraude, e na aplicación dos principios de ética e responsabilidade de todos os profesionais.
- Preparar e implantar programas adecuados de formación para todo o persoal da compañía.
- Controlar que se realizan as verificacións periódicas do Manual de prevención de riscos penais necesarias e avaliar periodicamente o cumprimento e a eficacia deste.
- Manter un sistema de elaboración periódica de informes cos responsables e directores de cada área, para garantir a efectividade dos controis e procedementos establecidos.



6.3 [2-10]

BO GOBERNO DA COMPAÑÍA

PRÁCTICAS DE XESTIÓN DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN

[2-9] [2-10] [2-13] [2-15]

- A Política de conflitos de interese establece un marco de actuación en Reganosa para o tratamento e prevención das situacións de conflito de interese en todos os seus órganos e áreas de actividade, e asegura que as relacións con terceiros e grupos de interese se articulan de acordo con criterios de obxectividade, transparencia e respecto á legalidade.
- A Política contra a corrupción e a fraude establece os compromisos de Reganosa para identificar, prever e sancionar as posibles situacións irregulares ou de corrupción.
- O Consello de Administración esta asistido por un letrado asesor que realiza un labor de control da legalidade sobre os acordos e decisións que se adoptan, e presta asesoramento xurídico.
- O Comité de Auditoría e Cumprimento informa e asesora o Consello de Administración propondo as medidas que se consideren precisas.
- Os criterios para o nomeamento dos Conselleiros, son a independencia, diversidade e especialización.

RETRIBUCIÓN DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN

[2-19] [2-20]

A retribución dos membros do Consello de Administración, cuxo sistema está detallado nos Estatutos Sociais, consiste nunha dieta por asistencia a cada reunión, cuxo importe é fixado con carácter anual mediante acordo da Xunta Xeral de Accionistas, dentro dos límites máximos establecidos pola lexislación vixente en cada momento.





ANEXOS

ANÁLISE DE MATERIALIDADE

INFORME DE VERIFICACIÓN

ÍNDICE DE CONTIDOS GRI

GLOSARIO DE TERMOS E ABREVIATURAS



ANÁLISE DE MATERIALIDADE

[2-29] [3-1] [3-2] [3-3]

Reganosa realiza unha análise de materialidade que lle permite identificar os asuntos relevantes en materia ESG da compañía. O obxectivo principal desta análise é poder informar sobre estes asuntos e definir estratexias e iniciativas que dean resposta ás necesidades e expectativas dos grupos de interese.

O enfoque metodolóxico para realizar a análise de materialidade baseouse na metodoloxía definida polo estándar GRI 3: Material Topics de 2021 de GRI (Global Reporting Initiative), e na metodoloxía definida no ESRS 1 (EU Sustainability Reporting Standards) desenvolvido polo EFRAG (European Financial Reporting Advisory Group).

Ademais da materialidade de impacto, tamén se calculou a materialidade financeira dos riscos e oportunidades clave da compañía, o que permitiu ter un enfoque de dobre materialidade.

Para iso, identificáronse os impactos da compañía sobre as persoas ou o ambiente, así como os riscos e oportunidades da contorna que poderían influír sobre a dimensión financeira da compañía, a curto, medio e longo prazo. Unha vez definidos os impactos, riscos e oportunidades, o seguinte paso consistiu na súa avaliación, atendendo a diferentes parámetros.

Os resultados do estudo de materialidade son presentados ao Consello de Administración de Reganosa para a súa revisión consonte o GRI 2-24.

1 Análise do contexto

Levouse a cabo unha análise externa e interna para solicitar a información cualitativa e cuantitativa de partida necesaria. Esta análise de contexto permitiu realizar unha identificación dos asuntos ESG potencialmente materiais para os grupos de interese relevantes para a compañía.

2 Identificación de impactos, riscos e oportunidades

Identificación e desagregación de posibles impactos, riscos e oportunidades derivados das actividades da compañía e do ámbito no que se encadra. Os IROs identificados foron agrupados segundo os asuntos materiais.

3 Consulta aos grupos de interese para a avaliación dos impactos, riscos e oportunidades

Deseño e execución dun proceso de consulta a distintos grupos de interese para, validar a escala, alcance, carácter irremediable e probabilidade dos impactos identificados, así como a magnitude e probabilidade dos riscos e oportunidades.

4 Integración de resultados

Recollida dos resultados das enquisas de avaliación aos distintos grupos de interese para outorgar unha puntuación final a cada asunto material.

MATRIZ DE DOBRE MATERIALIDADE



INFORME DE VERIFICACIÓN INDEPENDIENTE

[2-5]



KPMG Asesores, S.L.U.
P.º de la Castellana, 259 C
28046 Madrid

Informe de seguridade limitada independente sobre o informe anual de Reganosa Holdco, S. A. e sociedades dependentes do exercicio 2025

Á Dirección de Reganosa HoldCo, S.A.:

Conclusión

